

UN ANO DE
MOBILIDADE
XUVENIL
2016



XUNTA DE GALICIA

Edita

Xunta de Galicia.
Consellería de Política Social,
Dirección Xeral de Xuventude,
Participación e Voluntariado.

Deseño e maquetación:

Aguamarina, comunicación y eventos
aguamarinacomunicacion.es

Impresión: Imprenta Mundo

Depósito Legal: C 11 40-2017



UN ANO DE
MOBILIDADE
XUVENIL
2016



XUNTA DE GALICIA

SAÚDA

Unha das claves para o desenvolvemento persoal e a mellora da empregabilidade da xuventude é a mobilidade. Por iso, un eixe prioritario das políticas de xuventude da Administración autonómica é o destinado ao fomento da mobilidade xuvenil.

Mobilidade entendida como a adquisición de novas capacidades nun contorno cultural e social novo, tanto a través da formación regrada coma das prácticas profesionais e mesmo dos propios procesos de educación non formal que leva a participación nestes programas.

Unha mobilidade que contribúe a mellorar as competencias e habilidades dos mozos e mozas, promove maiores oportunidades de aprendizaxe, de cidadanía, de inclusión social e solidariedade, o diálogo intercultural, o coñecemento doutras rexións, reforza os vínculos entre os participantes e potencia a dimensión internacional das actividades xuvenís e o papel das entidades no eido da xuventude como estruturas de apoio a este colectivo da poboación.

Esta experiencia deberá servir para a posterior posta en práctica de novas ideas e novas formas de traballar nas localidades de procedencia da mocidade.

As iniciativas de mobilidade teñen como finalidade mellorar a formación da mocidade galega, ampliando o voso currículo laboral a través dunha experiencia internacional. A participación en programas deste tipo axuda os mozos e mozas a conseguir un complemento curricular que é tido

moi en conta á hora de conseguir un posto de traballo e que, ademais, é unha gran fonte de ideas para novos proxectos.

Participar neste tipo de programas tamén leva un incremento da responsabilidade e da autonomía dos participantes. Lonxe do contorno habitual xa non se ten acceso inmediato a todos os recursos que se manexan no ámbito social ou familiar de procedencia, polo que hai que esforzarse para buscar novas solucións.

Esta circunstancia desencadea unha serie de mecanismos de aprendizaxe non formal que poden resultar de moita utilidade no futuro. O Informe conxunto de 2015 do Consello e da Comisión Europea sobre a aplicación do marco renovado para a cooperación europea no ámbito da xuventude (2010-2018), reflicte: “A política da xuventude, que se desenvolve fóra da aula, pode axudar tamén as persoas a adquirir a combinación correcta de capacidades a fin de preparalas para a vida e o traballo”.

Cecilia Vázquez Suárez
Directora xeral de Xuventude,
Participación e Voluntariado



ÍNDICE

I. ERASMUS+: XUVENTUDE EN ACCIÓN

ACCIÓN CLAVE 1:

Intercambios xuvenís:

Intercambios xuvenís. Acollida.....	11
Intercambios xuvenís. Envío.....	21
Intercambios xuvenís. Envío e acollida ...	33

Servizo Voluntario Europeo

Servizo Voluntario Europeo. Acollida.....	37
Servizo Voluntario Europeo. Envío.....	59

Mobilidade de traballadores:

Mobilidade de traballadores. Acollida.....	79
Mobilidade de traballadores. Envío.....	83

ACCIÓN CLAVE 2:

Asociacións Estratéxicas.....	89
-------------------------------	----

II. ERASMUS EDUCACIÓN

Digal.....	93
------------	----

III. PROGRAMA GALEGO DE MOBILIDADE

Galeuropa.....	99
----------------	----

Xuventude no mundo.....	117
-------------------------	-----

I. ERASMUS +: XUVENTUDE EN ACCIÓN

ACCIÓN CLAVE 1:

Intercambios xuvenís:

Intercambios xuvenís. Acollida

- *Unidos pola música* 13
- *Introduce fair trade for youth* 15
- *Empty your mind to fill it with creativity* 16
- *Youth at gender equality* 17
- *Modern shepherds II*..... 19
- *#refugeeswelcome*..... 20

Intercambios xuvenís. Envío

- *Wellness and environment-WE* 23
- *INPUTS: Inspire People to Understand Together the Society* 24
- *CookRacism* 25
- *Ecotourism: Developing an attitude that respects the environment and the cultural heritage*..... 27
- *Jóvenes rurales en acción*..... 29
- *Humanity vs egoism; taking responsibility for refugees* 31

Intercambios xuvenís. Envío e acollida

- *Allies*..... 35

Servizo Voluntario Europeo

Servizo Voluntario Europeo. Acollida

- *Apoio a persoas con enfermidade mental no rural*..... 39
- *Información e educación ambiental en Galicia* 41
- *Support to the Local Community – SLC* .. 42
- *A xuventude europea como apoio á discapacidade intelectual III* 43
- *EVS Carral: Let's Experience Volunteering* 45

· <i>Achegando Europa á comunidade local...</i>	47
· <i>Nova</i>	48
· <i>Europa nos centros socioculturais</i>	49
· <i>Start Gazy Boat Muxía</i>	51
· <i>Health, Inclusion & Sustainability</i>	53
· <i>Volunteers with the local regeneration</i>	55
· <i>Europe for me, Europe for you(th)</i>	57

Servizo Voluntario Europeo. Envío

· <i>EVS Carral: Let's experience</i> <i>volunteering</i>	61
· <i>Strana EVS Idea</i>	63
· <i>Together we can</i>	65
· <i>Communication Skills and Training</i>	67
· <i>AK Rückenwind</i>	69
· <i>Follow your dreams</i>	70
· <i>Euro ValDeMarne 2016</i>	71
· <i>Different cultures on the same</i> <i>wavelength – EVS XIV</i>	73
· <i>EVS in Action</i>	75
· <i>Schuman Volunteers Press</i>	77

Mobilidade de traballadores:

Mobilidade de traballadores. Acollida

· <i>iMigration – Fostering European</i> <i>Positive Migration</i>	81
---	----

Mobilidade de traballadores. Envío

· <i>Learning to learn: Training Course</i>	85
· <i>iMigration – Fostering European</i> <i>Positive Migration</i>	86
· <i>Network Wanted</i>	87
· <i>CORE 2 – Challenging Europe</i>	88

ACCIÓN CLAVE 2:

Asociacións Estratéxicas

· <i>Rec Think: Fight against isolation</i> <i>through participative IT tools</i>	91
--	----

I. ERASMUS +: XUVENTUDE EN ACCIÓN

ACCIÓN CLAVE 1:

Intercambios xuvenís:

Intercambios xuvenís. Acollida

- *Unidos pola música* 13
- Introduce fair trade for youth 15
- Empty your mind to fill it with creativity.. 16
- Youth at gender equality 17
- Modern shepherds II..... 19
- *#refugeeswelcome*..... 20

Intercambios xuvenís. Acollida

Unidos pola música

ENTIDADE/ASOCIACIÓN:

Concello de Melide

TÍTULO DO PROXECTO:

Unidos pola música

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Melide (A Coruña)

DATA DE REALIZACIÓN:

Do 12 ao 19 de xaneiro de 2017

PAÍSES PARTICIPANTES:

Melide (A Coruña-España)
e Santa Teresa Di Riva
(Sicilia-Italia)

Nº DE PARTICIPANTES

GALEGOS/AS: 20

Nº DE PARTICIPANTES

TOTAIS: 40

Este intercambio de mozos/as permitiú, basicamente á xuventude de dous países, satisfacer e vivir unha nova experiencia a través da formación non formal.

Durante o intercambio, os/as participantes desenvolveron un amplo programa de actividades baseadas en obradoiros, exercicios e concertos musicais entre ambas as organizacións musicais (Academia de Música *Libera* e alumnado do Conservatorio de Melide), incluíndo o coñecemento do pobo de Melide, a súa historia, monumentos, costumes, gastronomía, xeografía... e tamén se levaron a cabo excursións a cidades tan emblemáticas como Lugo, onde puideron ver a Muralla (patrimonio da humanidade), Santiago de Compostela (a catedral, zona vella, Parlamento de Galicia),



A Coruña (Torre de Hercules, Praza de María Pita e asistiron ao recital dado pola Orquestra de Cámara Galega e Ingrida Gapova homenaxe a Rogelio Groba).

Con este intercambio xuvenil, o que se pretendía era que os mozos/as desenvolveran habilidades: musicais, lingüísticas, artísticas, culturais, incrementar a súa sensibilización social e descubrir novas culturas e estilos de vida, sobre todo a través da aprendizaxe entre iguais e promover valores como a solidariedade, a democracia... a aprendizaxe levada a cabo nestes días foi feita a través de métodos de educación non formal.

Os/as participantes elixidos/as foron mozos/as cunha idade comprendida entre os 13 e 20 anos e o número de participantes é de 20 por cada organización, un total de 40 rapaces/zas con intereses comúns, pero de distintas culturas que, grazas a esta iniciativa de mobilidade, puideron coñecerse mellor uns a outros e intercambiar experiencias e intereses comúns.

Intercambios xuvenís. Acollida

Introduce fair trade for youth



ENTIDADE/ASOCIACIÓN:

A Esmorga

TÍTULO DO PROXECTO:

Introduce fair trade for youth

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Senderiz

DATA DE REALIZACIÓN:

Xuño de 2016

PAÍSES PARTICIPANTES:

Italia, Bulgaria, Romanía, Malta,
Turquía, España

Nº DE PARTICIPANTES

GALEGOS/AS: 5

Nº DE PARTICIPANTES

TOTAIS: 35

Con este proxecto a idea que tiñamos era a de explorar o concepto do Comercio Xusto nas distintas realidades nas que viven os/as participantes de diferentes países de Europa.

Este proxecto fixo que durante seis días os/as participantes reflexionasen sobre o consumo responsable, sobre un comercio xusto e inxusto e achegasen ideas para mellorar as prácticas de consumo a través dos seus propios recursos, experiencias e falando en liña ou en persoa con propietarios de negocios de Comercio Xusto que xa están en marcha.

Durante o intercambio xuvenil os/as participantes aprenderon tamén como usar as novas ferramentas en liña creando *blogs* e publicacións sobre o tema do Comercio Xusto.

Intercambios xuvenís. Acollida

Empty your mind to fill it with creativity

16

Un ano de mobilidade xuvenil 2016



ENTIDADE/ASOCIACIÓN:

Concello de Ribadavia (OMIX
Ribadavia)

TÍTULO DO PROXECTO:

Empty your mind to fill it
with creativity

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Castrelo de Miño,
Ribadavia, España

DATA DE REALIZACIÓN:

Do 1 ao 9 de agosto de 2016

PAÍSES PARTICIPANTES:

España, Portugal, Italia,
Letonia, Eslovenia

**Nº DE PARTICIPANTES
GALEGOS/AS:** 5

**NÚMERO DE
PARTICIPANTES TOTAIS:** 25

Intercambio de xuventude que promoveu o desenvolvemento persoal a través da meditación, a atención e a escritura creativa como técnicas para mirar dentro de un mesmo e permitir despegar a mente, co fin de centrarse no logro das metas que cada un ten, para o desenvolvemento dunha actitude comprometida. O noso obxectivo foi potenciar as habilidades persoais de traballo, así como a capacidade de traballo colectivo por conseguir inspirarnos os uns aos outros e colaborar entre nós. Polo tanto, durante o proxecto tratamos de animar á mocidade a tomar conciencia da conexión entre a meditación e a creatividade; entre o diálogo intercultural e a inspiración; entre a escritura creativa e os dereitos humanos.

Intercambios xuvenís. Acollida

Youth at gender equality

ENTIDADE/ASOCIACIÓN:

Asociación Socioeducativa
EDUCERE

TÍTULO DO PROXECTO:

Youth at gender equality

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Lugo

DATA DE REALIZACIÓN:

Do 4 ao 10 de agosto de 2016

PAÍSES PARTICIPANTES:

España, Austria, Estonia,
Hugría, Italia

Nº DE PARTICIPANTES

GALEGOS/AS: 11

Nº DE PARTICIPANTES

TOTAIS: 32

A igualdade entre homes e mulleres é un dos piares nos que se fundamenta a Unión Europea, como parte do seu compromiso de eliminar todas as formas de discriminación, sexa por raza, condición social, relixión ou xénero. Constitúe un dereito e unha condición esencial para o desenvolvemento das comunidades, porén, a discriminación e o exercicio da violencia, baseada no xénero nas súas diferentes expresións, son aspectos que aínda existen en moitas sociedades de todo o mundo, afectando principalmente as nenas, mozas/os e mulleres vulnerables.

A conquista da igualdade constitúe un proxecto global e inclusivo da cidadanía democrática, ao cal, deben de ser invitados todos aqueles que entenden que o principio de igualdade é un principio fundamental de calquera espazo



totalmente democrático. Polo tanto, debemos tentar construír unha sociedade igualitaria desprovista de actitudes e valores sexistas, e para iso é necesario evitar que as xeracións futuras continúen a construír realidades discriminatorias.

De acordo con estas reflexións e con algunhas máis, desenvolvemos este proxecto de intercambio xuvenil a través do cal tratamos de que os e as mozas participantes se conciencien e sensibilicen en materia de igualdade, coñezan a situación actual, adquiriran ferramentas destinadas á prevención do sexismo e violencia xénero, etc. O proxecto incluíu actividades de descubrimento da cidade de Lugo, xogos e dinámicas, actividades e obradoiros interculturais, para a sensibilización e información sobre igualdade e violencia de xénero, visitas culturais, entretemento, lecer, entre outras.

Intercambios xuvenís. Acollida

Modern shepherds II



ENTIDADE/ASOCIACIÓN:

Fundación Ramón González
Ferreiro

TÍTULO DO PROXECTO:

Modern Shepherds II

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Paciños (Allariz-Ourense)

DATA DE REALIZACIÓN:

Do 3 de decembro de 2015
ao 12 de novembro de 2016

PAÍSES PARTICIPANTES:

Portugal, España, Italia, Malta,
Grecia, Croacia

Nº DE PARTICIPANTES

GALEGOS/AS: 8

Nº DE PARTICIPANTES

TOTAIS: 33

Modern Shepherds é un proxecto que difunde e pon en valor o mundo agrario e gandeiro ademais de fomentar o emprendemento rural. Tratamos e identificamos as súas posibilidades así como problemas e desafíos. Promociona comportamentos saudables e sostibles entre os/as participantes, a través de actividades ao aire libre (sendeirismo, visitas a áreas como o Ecoespazo de O Rexo ou a granxa de ovellas laxtas) e deportivas (xogos tradicionais, deportes deportivos etc) así como a inclusión social e a participación activa. O contacto con pequenas vilas próximas e a súa veciñanza achegan unha realidade activa así como un coñecemento cultural que potenciamos e divulgamos.

Intercambios xuvenís. Acollida

#refugeeswelcome

20

Un ano de mobilidade xuvenil 2016



ENTIDADE/ASOCIACIÓN:
SENDE

TÍTULO DO PROXECTO:
#refugeeswelcome

LUGAR DE REALIZACIÓN:
Lobeira

DATA DE REALIZACIÓN:
Xullo de 2016

PAÍSES PARTICIPANTES:
Portugal, España, Croacia,
Italia, Hungría

**Nº DE PARTICIPANTES
GALEGOS/AS:** 5

**Nº DE PARTICIPANTES
TOTALS:** 25

O proxecto *RefugeesWelcome* abordou a temática da actual crise das persoas refuxiadas.

Traballouse interactivamente sobre os problemas polos que os/as refuxiados/as están a pasar nesta crise.

Aprendendo sobre os estereotipos, prexuízos, discriminación e a intolerancia a través da educación non formal e iso aprendizaxe intercultural.

Creouse material de vídeo e outros contidos correspondentes coa temática.

I. ERASMUS +: XUVENTUDE EN ACCIÓN

ACCIÓN CLAVE 1:

Intercambios xuvenís:

Intercambios xuvenís. Envío

- *Wellness and environment-WE*23
- *INPUTS: Inspire People to Understand Together the Society*24
- *CookRacism*25
- *Ecotourism: Developing an attitude that respects the environment and the cultural heritage*.....27
- *Jóvenes rurales en acción*.....29
- *Humanity vs egoism; taking responsibility for refugees*31

Intercambios xuvenís. Envío

Wellness and environment-WE

ENTIDADE/ASOCIACIÓN:

Confederación Galega de Persoas con discapacidade. COGAMI. Entidade líder do proxecto: Centre du Sport et de la Jeunesse de Corse

TÍTULO DO PROXECTO:

Wellness and environment-WE

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Ajaccio, Francia

DATA DE REALIZACIÓN:

Do 18 ao 26 de setembro de 2016

PAÍSES PARTICIPANTES:

Francia, Italia, España

Nº DE PARTICIPANTES

GALEGOS/AS:

4+1 persoa de apoio=5

NÚMERO DE PARTICIPANTES TOTAIS:

20 (16+2 formadores +2 persoas de apoio)



O intercambio xuvenil “Wellness and Environment (WE)” reuniu a persoas mozas de 3 países europeos. O obxecto do intercambio foi buscar alternativas para reducir ao mínimo as consecuencias do impacto humano sobre a natureza e o medio ambiente, favorecendo pequenos cambios no comportamento a través do uso de aprendizaxes diferentes: aprendizaxe non formal, aprender da experiencia e vivir e traballar con persoas mozas doutros países.

Incluíronse nas actividades a organización e a creación dunha exposición na que se reflectisen as ideas locais e solucións atopadas polas persoas participantes sobre o impacto humano na natureza e o medio ambiente, unha noite ao aire libre, noites interculturais e diversos obradoiros prácticos entre outras.

WE foi un intercambio de carácter inclusivo no que conviviron persoas con e sen discapacidade.

Intercambios xuvenís. Envío

INPUTS: Inspire People to Understand Together the Society

24

Un ano de mobilidade xuvenil 2016

ENTIDADE/ASOCIACIÓN:

Concello de Ribadavia

TÍTULO DO PROXECTO:

INPUTS: Inspire People to Understand Together the Society

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Beja (Portugal)

DATA DE REALIZACIÓN:

Do 30 de agosto ao 10 de setembro de 2016

PAÍSES PARTICIPANTES:

Portugal, Italia, Eslovenia, Polonia, Hungría, España, Turquía, Grecia, Alemaña, Croacia, Lituania e Eslovaquia

Nº DE PARTICIPANTES

GALEGOS/AS: 5

Nº DE PARTICIPANTES

TOTAIS: 60



INPUTS: *Inspire People to Understand Together the Society* foi un intercambio xuvenil organizado en Beja (Portugal), do 30 de agosto ata o 10 de setembro (incluíndo os días de viaxe). Contou con 60 participantes de 12 países europeos que reflexionaron sobre o tema *NEET*, máis coñecido aquí como a xeración *NINI* (mozos/as sen educación, emprego ou formación) e durante eses días de duración do proxecto, buscáronse solucións para reducir o número dos case cinco millóns de mozas e mozos que están nesa situación en Europa.

Intercambios xuvenís. Envío

CookRacism

ENTIDADE/ASOCIACIÓN:

Asociación Cultural Muxelka (España), Alliance pour l'Education et le Droit des Femmes (Francia), Bulgarian Youth Association (Bulgaria), Asociación Cultural y Deportiva La Hoya (España), ASOCIATA D.G.T (Romanía)

TÍTULO DO PROXECTO:

CookRacism

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Cognac, Francia

DATA DE REALIZACIÓN:

Do 19 ao 25 de setembro de 2016

PAÍSES PARTICIPANTES:

España, Francia, Bulgaria, Romanía

Nº DE PARTICIPANTES

GALEGOS/AS: 6

Nº DE PARTICIPANTES

TOTAIS: 30

Este proxecto incluíu a 30 mozos/as participantes para promover a comprensión mutua, a solidariedade a través da cociña. Noso obxectivo principal foi a reflexión sobre a diversidade cultural e a cidadanía europea. Os/as participantes cociñaron xuntos durante 7 días, intercambiaron as receitas dos seus países e compartiron as mellores prácticas sobre xestión intercultural e formas de racismo. Cociñando xuntos e mediante discusións en talleres, foi posible pensar en cidadanía europea e ir derribando barreiras interculturais. Tamén cremos que a cociña podería ser un espazo común para compartir experiencias, sentimentos e tradicións, e por que non, unha boa habilidade para atopar un traballo no futuro.



Todas as actividades se levaron a cabo mediante métodos de educación non formal, os métodos de traballo foron totalmente non formais, ou máis ben aprenderán facendo. Esta forma de traballar cos participantes estimula outra cousa importante: a comunicación non verbal, tamén capaz de pasar a barreira do idioma.

Este proxecto requiriu un intercambio de coñecementos e hábitos culinarios da mocidade que quixo cociñar xunta durante varios días. *Self-made*, a vontade de discutir e o intercambio.

Intercambios xuvenís. Envío

Ecotourism: Developing an attitude that respects the environment and the cultural heritage

ENTIDADE/ASOCIACIÓN:

Asociación Cultural Muxelka (España), Istituto Pace Sviluppo Innovazione Acli (Italia), Institut i Politikave Mjedisore/Institute for Environmental Policy (Albania), JOETZ vzw (Bélxica), SHL-Kosova (Kosovo), Homo ecos (Letonia)

TÍTULO DO PROXECTO:

Ecotourism: Developing an attitude that respects the environment and the cultural heritage

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Berat, Albania

DATA DE REALIZACIÓN:

Do 23 ao 28 de outubro de 2016

PAÍSES PARTICIPANTES:

España, Italia, Albania, Bélxica, Kosovo, Letonia


Nº DE PARTICIPANTES GALEGOS/AS: 6

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 38

O turismo é un recurso inestimable para as comunidades locais e debe contribuír á protección do patrimonio natural e cultural. En cambio, a miúdo sucede que o turismo convértese nunha das causas principais da deterioración dos ecosistemas e por tanto ten un impacto negativo nos hábitats e a paisaxe, a través da contaminación do aire e as augas e a dispersión de residuos pouco biodegradables.

O intercambio de mozos e mozas tivo lugar en Berat, recoñecido como patrimonio cultural da UNESCO.

Moitas actividades desenvolvéronse ao aire libre e prevían a interacción coa poboación local.



Tamén se realizaron simulacións para calcular a pegada ecolóxica do/a participante no medio ambiente. Desta maneira, adquiriron unha conciencia máis profunda das consecuencias do seu comportamento no medio ambiente. A través da interacción cos/as aldeáns/ás, os/as participantes foron levados a reflexionar sobre o peso dos seus patróns culturais ao achegarse a unha nova cultura e desenvolver unha actitude máis aberta e tolerante.

O obxectivo principal deste intercambio é fomentar a reflexión sobre un estilo de vida que sexa consciente e respectuoso do ecosistema no que intervimos, ao significar tanto o medio ambiente como a cultura que ocupa ese ambiente.

Intercambios xuvenís. Envío

Jóvenes rurales en acción



ENTIDADE/ASOCIACIÓN:

Asociación Terras de Compostela

TÍTULO DO PROXECTO:

Jóvenes rurales en acción

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Seulo (Cerdeña)

DATA DE REALIZACIÓN:

Do 7 ao 14 de novembro de 2016 (viaxes incluídas)

PAÍSES PARTICIPANTES:

España e Italia

Nº DE PARTICIPANTES GALEGOS/AS:

10 participantes
+ 2 responsables de grupo

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS:

20 participantes
+ 4 responsables de grupo

O proxecto *Jóvenes rurales en acción* é un intercambio xuvenil cuxa temática xirou sobre o *Emprendemento xuvenil nas zonas rurais*. Foi financiado dentro do marco do programa Erasmus +, *Programas de mobilidade das persoas no ámbito da educación, formación e xuventude - intercambios xuvenís*.

A metodoloxía empregada foi: foros de discusión, xogos de rol, talleres, mesas redondas, seminarios, reunións con emprendedores/as e institucións, actividades de *team building*, visitas guiadas e veladas multiculturais.

OBXECTIVOS:

- Facilitar un espazo de encontro e diálogo sobre temáticas de desenvolvemento rural e promover así o espírito emprendedor da mocidade que vive en zonas rurais.

- Familiarización cos programas e políticas europeas a favor da xuventude e do desenvolvemento rural.
- Crear unha conciencia europea e fomentar unha actitude de cooperación, participación activa na sociedade e diálogo intercultural entre os/as participantes.
- Mellorar as súas competencias lingüísticas e achegar valores como o respecto, a igualdade, a solidariedade.

Intercambios xuvenís. Envío

Humanity vs egoism; taking responsibility for refugees



ENTIDADE/ASOCIACIÓN:

Asociación cultural Marineda.
A Coruña

TÍTULO DO PROXECTO:

Humanity vs egoism; taking
responsibility for refugees

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Europahaus, Aurich. Alemaña

DATA DE REALIZACIÓN:

Do 18 ao 27 de marzo de 2016

PAÍSES PARTICIPANTES:

Finlandia, España, Alemaña,
Reino Unido e Polonia

**Nº DE PARTICIPANTES
GALEGOS/AS:** 12

**Nº DE PARTICIPANTES
TOTALS:** 50

O obxectivo do noso proxecto é sensibilizar á mocidade polos temas dos refuxiados/as en Europa. Traballamos pola tolerancia e a aceptación. Hai moitos refuxiados/as que queren vir a Europa como o seu novo fogar, isto é un gran desafío. Os egoísmos nacionais e as necesidades políticas domésticas son cada vez máis fortes, mentres os obxectivos principais quedan reducidos.

Nós desexamos prestar máis atención aos valores de Europa e aos Dereitos Humanos, aínda para os/as refuxiados/as. Nós debemos reforzar a cultura do *Welcome*. Debemos sensibilizarnos polos seus asuntos e necesidades e pola súa situación. Debemos rebaixar o noso egoísmo a o nivel da nosa sociedade, pero tamén o nivel individual cara a política europea da *Unidade en variedade*. Debemos loitar sendo activos/as e sendo en oposición á maneira pequena de pensar e a xenofobia.

I. ERASMUS +: XUVENTUDE EN ACCIÓN

ACCIÓN CLAVE 1:

Intercambios Xuvenís:

Intercambios xuvenís. Envío e acollida

· *Allies*..... 35

Intercambios xuvenís. Envío e acollida

Allies



ENTIDADE/ASOCIACIÓN:

Ecos do Sur

TÍTULO DO PROXECTO:

Allies

LUGAR DE REALIZACIÓN:

A Coruña-O Cairo

DATA DE REALIZACIÓN:

Primeiro intercambio:
Do 24 ao 31 de outubro de 2016.

Segundo intercambio:
Do 7 ao 14 de decembro de 2016

PAÍSES PARTICIPANTES:

España/Eixipto

**Nº DE PARTICIPANTES
GALEGOS/AS: 11**

**Nº DE PARTICIPANTES
TOTAIS: 21**

O proxecto *Allies* era unha iniciativa innovadora na comunidade galega, onde se pretendía relacionar a mozos/zas de dúas culturas, a occidental e a árabe, arredor das súas semellanzas e das súas diferenzas para promover un lecer saudable entre eles/as e potenciar o diálogo intercultural. Un dos principais problemas co que se atopan os/as mozos/as nos nosos días é o seu alto nivel de desmotivación e de sentimento de frustración nas súas expectativas e no sentido da súa existencia.

No caso da mocidade en risco de exclusión social, este sentimento é máis acusado, o que os leva á procura de novas experiencias que non sempre son canalizadas dunha forma adecuada. Esta problemática é común tanto na xuventude da Coruña (España) como do Cairo (Eixipto), polo que no proxecto traballamos as súas capacidades

para xerar e liderar actividades de lecer saudable como nexos en común entre eles, o que potenciou tamén o coñecemento mutuo das diferenzas que os afectan, culturais e relixiosas, promovendo o diálogo intercultural entre eles/as e o respecto á diversidade.

Consideramos que o tempo libre debe ser utilizado de forma positiva e saudable polo que, axudando a xerar alternativas de lecer saudable entre a xente moza en risco de exclusión, axudamos a potenciar tamén a educación en valores como son a tolerancia, a solidariedade e o compromiso, entre outros.

I. ERASMUS +: XUVENTUDE EN ACCIÓN

ACCIÓN CLAVE 1:

Servizo Voluntario Europeo

Servizo Voluntario Europeo. Acollida

- *Apoio a persoas con enfermidade mental no rural*..... 39
- *Información e educación ambiental en Galicia* 41
- *Support to the Local Community – SLC*..... 42
- *A xuventude europea como apoio á discapacidade intelectual III*..... 43
- *EVS Carral: Let's Experience Volunteering* 45
- *Achegando Europa á comunidade local* 47
- *Nova*..... 48
- *Europa nos centros socioculturais*..... 49
- *Start Gazy Boat Muxía*..... 51
- *Health, Inclusion & Sustainability*..... 53
- *Volunteers with the local regeneration*.. 55
- *Europe for me, Europe for you(th)* 57

Servizo Voluntario Europeo. Acollida

Apoio a persoas con enfermidade mental no rural



ENTIDADE/ASOCIACIÓN:

Andaina pro Saúde Mental

TÍTULO DO PROXECTO:

Apoio a persoas con enfermidade mental no rural

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Dodro/Ordes, Galicia

DATA DE REALIZACIÓN:

De xullo de 2015
ao 15 de xullo de 2016

PAÍSES PARTICIPANTES:

Italia/España

Nº DE PARTICIPANTES

GALEGOS/AS: 19

Nº DE PARTICIPANTES

TOTAIS: 20

A nosa voluntaria Irene, procedente de Italia, desenvolveu o seu labor con moita satisfacción por parte da nosa asociación.

As súas funcións eran colaborar e dar apoio en todas as actividades que realizamos.

Irene participou en arteterapia, unha actividade consistente en utilizar a pintura e o debuxo como unha actividade rehabilitadora a través da cal os/as nosos/as usuarios/as (persoas con enfermidade mental) poden expresarse libremente e relaxarse.

Outra actividade na que Irene participaba con moito éxito, era en cociña. Un taller onde as monitoras ensinaban receitas sinxelas para que

os/as usuarios/as puideran facer nas súas casas e así ter máis autonomía persoal. Irene era unha excelente cociñeira con gran capacidade para ensinar e mostrounos receitas típicas de Italia, o cal foi moi interesante.

Andaina tamén desenvolveu outros talleres nos que Irene nos axudou; como radio, un programa semanal realizado en RADIO VALGA, onde eles/as mesmos/as xestionaban e elixían os contidos. Actividades de rehabilitación cognitiva, clave para persoas con trastorno mental.

Contamos cun taller prelaboral de horticultura e elaboración de sidra e zumes, a nosa voluntaria participou en ambos axudando aos/ás usuarios/as a adquirir formación que lles axude a poder atopar un traballo, algo realmente complexo neste colectivo.

Algo a mencionar tamén, é que Irene participou en todas as actividades de ocio que houbo no tempo de duración da súa estancia, actividades como saídas (museos, cine, praia, a dar unha volta, a tomar algo), excursións (Illas Cíes, Cangas, parque acuático de Cerceda), un labor de acompañamento moi necesario para a integración deste colectivo na sociedade.

Servizo Voluntario Europeo. Acollida

Información e educación ambiental en Galicia

ENTIDADE/ASOCIACIÓN:

Amigos da Terra

TÍTULO DO PROXECTO:

Información e educación ambiental en Galicia

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Serra de San Mamede - Ourense

DATA DE REALIZACIÓN:

De xaneiro a decembro de 2016

PAÍSES PARTICIPANTES:

Hungría, Grecia, Holanda

Nº DE PARTICIPANTES

GALEGOS/AS: 2

Nº DE PARTICIPANTES

TOTAIS: 3



Amigos da Terra é unha asociación ecoloxista que fomentamos un cambio local e global cara unha sociedade máis respectuosa co medio ambiente, xusta e solidaria.

O proxecto de SVE desenvólvese en relación a temática medio ambiental, promovendo o desenvolvemento sostible e levándose a cabo no Centro de educación ambiental “As Corcerizas” situado na Serra de San Mamede, na provincia de Ourense.

Os/as voluntarios/as colaboran nos servizos ofrecidos pola asociación Amigos da Terra no noso centro de educación ambiental, participando na organización e elaboración de obradoiros de temática ambiental sobre residuos, cambio climático, enerxías renovables, e bioconstrución.

Para máis información pódese consultar:
www.amigosdaterra.net www.ascorcerizas.com
<http://evsinadt.blogspot.com.es/>

Servizo Voluntario Europeo. Acollida

Support to the Local Community – SLC -

42

Un ano de mobilidade xuvenil 2016

ENTIDADE/ASOCIACIÓN:

Concello de Ribadavia / Oficina Municipal Información Xuvenil (OMIX)

TÍTULO DO PROXECTO:

Support to the Local Community – SLC -

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Ribadavia (Ourense)

DATA DE REALIZACIÓN:

Do 9 de setembro de 2016 ao 6 de setembro de 2017

PAÍSES PARTICIPANTES:

Italia, Portugal

Nº DE PARTICIPANTES

GALEGOS/AS:

Comarca do Ribeiro

Nº DE PARTICIPANTES

TOTAIS: 2



Neste proxecto colaboran diferentes departamentos municipais do Concello de Ribadavia, principalmente da área de xuventude pero tamén outras como a Oficina de Turismo, a Casa da Cultura, a Oficina de Desenvolvemento Local, Deportes e a Casa da Xuventude de Ribadavia a través da súa Oficina Municipal de Información Xuvenil que actúa como coordinadora do proxecto.

O obxectivo principal do Centro Municipal de Información Xuvenil, é realizar unha política que permita a participación activa dos/as mozos/as no desenvolvemento político, social, económico e cultural do noso pobo.

As nosas actividades inclúen visitas informativas aos colexios locais, charlas informais sobre oportunidades para a mocidade, crear vínculos novos entre organizacións europeas, preparar proxectos coa axuda do programa Erasmus+, apoio á organización de eventos locais, asesoramento a mozos/as da comunidade para fomentar o asociacionismo, obradoiros artísticos e de novas tecnoloxías etc.

Servizo Voluntario Europeo. Acollida

A xuventude europea como apoio á discapacidade intelectual III



ENTIDADE/ASOCIACIÓN:

Asociación LIMISI

TÍTULO DO PROXECTO:

A xuventude europea como apoio á discapacidade intelectual III

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Xinzo de Limia

DATA DE REALIZACIÓN:

De setembro de 2015 a outubro de 2016

PAÍSES PARTICIPANTES:

Alemaña e Francia

Nº DE PARTICIPANTES

GALEGOS/AS: 0

Nº DE PARTICIPANTES

TOTAIS: 2

Limisi é unha organización sen ánimo de lucro que busca a integración social e laboral das persoas con diversidade funcional. Desde Limisi xestiónase un centro ocupacional e un gabinete educativo rehabilitador ofrecendo diariamente información, asesoramento e axuda ás familias das persoas con discapacidade, así como o resto da comunidade. O obxectivo final é mellorar a máxima autonomía dos usuarios do centro ocupacional loitando pola non-discriminación e igualdade. Desde o gabinete educativo trabállase con persoas con necesidade educativas especiais, facilitando aos usuarios as ferramentas necesarias para o seu crecemento persoal, intelectual, laboral ou social.

As voluntarias Kara (Alemaña) e Fanny (Francia) participaron e colaboraron nas seguintes

actividades apoiando aos/ás profesionais (psicóloga, pedagoga, educadora, logopeda) da asociación Limisi:

- Actividades de lecer e tempo libre: acompañaron ás persoas con discapacidade nas súas saídas de lecer, actividades deportivas, culturais etc.


- Actividades ocupacionais: participaron nos diferentes talleres do centro ocupacional (encadernación, conservas, costura, artesanía e agricultura).

- Actividades educativas/formativas: acompañaron e apoiaron ás persoas con discapacidade en actividades formativas.

- Actividades da vida diaria: apoiaron ás persoas con diversidade funcional nas actividades básicas como: facer tarefas domésticas, facer a compra etc.

Servizo Voluntario Europeo. Acollida

EVS Carral: Let's Experience Volunteering



45

Un ano de mobilidade xuvenil 2016

ENTIDADE/ASOCIACIÓN:

Concello de Carral (Omix Carral)

TÍTULO DO PROXECTO:

EVS Carral:
Let's Experience Volunteering

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Carral (España)

DATA DE REALIZACIÓN:

De setembro de 2015
a marzo de 2016

PAÍSES PARTICIPANTES:

España, Italia, Polonia

Nº DE PARTICIPANTES

GALEGOS/AS: 0

Nº DE PARTICIPANTES

TOTAIS: 2

Esta primeira experiencia do Concello de Carral nunha acción de mobilidade xuvenil (voluntariado europeo), deseñouse para ofrecer unha experiencia de voluntariado de 6 meses de duración (de setembro de 2015 a marzo de 2016), noutra localidade da UE distinta ao país de orixe, a mozos e mozas voluntarios/as para que tiveran a oportunidade de contribuír ao traballo diario que se realiza desde as administracións locais participantes e adquirir así competencias pre-laborais e de carácter social nas áreas dos seus intereses ou ao seu perfil formativo previo. Así mesmo, tiveron a oportunidade de coñecer o funcionamento dunha administración pública local e os seus servizos e actividades para a cidadanía nas diversas áreas municipais.

O Concello de Carral acolleu dúas mozas voluntarias, unha de Italia (Ilaria) e outra

de Polonia (Ágata), que participaron no desenvolvemento de actividades como: apoio na realización de actividades para a mocidade na Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX), tanto na difusión coma na preparación de esas actividades, apoio en actividades culturais, patrimoniais e de turismo activo na Casa da Cultura, apoio en actividades educativas e deportivas e na realización de actividades socioculturais e de participación cidadá no Centro Social Toñito Espiñeira.

Servizo Voluntario Europeo. Acollida

Achegando Europa á comunidade local



47

Un ano de mobilidade xuvenil 2016

ENTIDADE / ASOCIACIÓN:

Acollida: ETL Don Bosco e ARC Os Tilos.
Envío: Fialatok a Vidékért Egyesület e LOGO jugendmanagement gmbh

TÍTULO DO PROXECTO:

Achegando Europa á comunidade local

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Santiago de Compostela, Os Tilos (Teo)

DATA DE REALIZACIÓN:

Do 1 de setembro de 2015 ao 31 de agosto de 2016

PAÍSES PARTICIPANTES:

Hungría, Austria e España

Nº DE PARTICIPANTES

GALEGOS: 0

Nº DE PARTICIPANTES

TOTAIS: 2

O proxecto desenvolveuse en Santiago de Compostela e nos Tilos (unha pequena localidade a 4 km de Santiago), a través da colaboración entre Alemaña e España.

O obxectivo era proporcionar á xuventude a oportunidade de participar nunha experiencia de animación sociocultural, tempo libre e aprendizaxe intercultural.

Neste sentido, dúas voluntarias, Imola de Hungría e Elisa de Austria, colaboraron no Centro Don Bosco e na Asociación Recreativo-Cultural Os Tilos realizando actividades de animación sociocultural e tempo libre para nenos e nenas, xente nova e adultos: ludoteca, biblioteca, aula de informática, obradoiros lingüísticos, actividades en festas populares, actividades especiais, actividades informativas sobre o Programa Erasmus+ e o SVE, campamentos de verán...

Servizo Voluntario Europeo. Acollida

Nova

48

Un ano de mobilidade xuvenil 2016

ENTIDADE/ASOCIACIÓN:

Asociación Socioeducativa
Educere

TÍTULO DO PROXECTO:

Nova

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Muxía, A Coruña e Lugo

DATA DE REALIZACIÓN:

Do 1 de xuño de 2016
ao 29 de xaneiro de 2017

PAÍSES PARTICIPANTES:

España, Francia

**Nº DE PARTICIPANTES
GALEGOS/AS:** 0

**Nº DE PARTICIPANTES
TOTALS:** 5



O proxecto de voluntariado *Nova* albergou 5 mozos e mozas de nacionalidade francesa, de idades comprendidas entre os 18 e os 30 anos. Dúas das voluntarias foron de longa duración, participaron nun proxecto de 6 meses e os outros tres voluntarios/as foron de curta, algo menos de 2 meses de estancia.

O obxectivo do proxecto foi a mellora da empregabilidade dos mozos e mozas, proporcionarlle aos participantes a oportunidade de aprender e mellorar os seus valores e os recursos cos que contan, que lles permitan adquirir habilidades útiles para aplicar aos seus plans persoais e de carreira. Desde esta perspectiva, a mobilidade en si, constituíu unha vantaxe no acceso ao emprego: independencia, iniciativa, responsabilidade, sentido de organización, a apertura de espírito etc.

Por outra banda, a mobilidade tamén axudou aos participantes a adquirir valores esenciais como compromiso, solidariedade, cooperación, entre outros.

Servizo Voluntario Europeo. Acollida

Europa nos centros socioculturais



49

Un ano de mobilidade xuvenil 2016

ENTIDADE/ASOCIACIÓN:

Acollida: CSC O Ensanche,
CSC Santa Marta,
CSC Fontiñas e CSC Vite.
Envío: Young Researchers
of Serbia, CRU e SFERA.
Coordinadora: ETL Don Bosco

TÍTULO DO PROXECTO:

Europa nos centros
socioculturais

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Santiago de Compostela

DATA DE REALIZACIÓN:

Do 1 de outubro de 2015
ao 31 de xullo de 2016

PAÍSES PARTICIPANTES:

Serbia, Rusia, Francia e España

**Nº DE PARTICIPANTES
GALEGOS/AS: 0**

**Nº DE PARTICIPANTES
TOTAIS: 4**

O proxecto desenvolveuse en Santiago de Compostela e a actividade tivo unha duración de 10 meses a través da colaboración de Rusia, Francia, Serbia e España.

As organizacións de acollida foron os centros socioculturais que o Concello de Santiago de Compostela pon á disposición dos/as cidadáns/ás en distintos barrios desta cidade. Todas pretenden proporcionar aos/ás distintos/as usuarios/as, actividades artísticas e culturais e de ocio e tempo libre.

O obxectivo dos/as socios/as foi o de proporcionar á xuventude a oportunidade de participar nunha experiencia de animación sociocultural, aprendizaxe intercultural e educación a través das actividades de ocio e tempo libre.

Neste sentido, as voluntarias Marina de Serbia, Alex e Goar de Rusia (con ascendencia

Armenia) e H el oise de Francia, colaboraron con voluntarios/as locais e co equipo t ecnico dos centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela e do centro Don Bosco, realizando actividades de animaci n sociocultural, art sticas e de interculturalidade nos barrios de Vite, Fonti nas, Santa Marta e O Ensanche: animaci n en salas de xogos, actividades sociais, art sticas e culturais, informaci n xuvenil, actividades especiais en festas, xogos de exterior...

Servizo Voluntario Europeo. Acollida

Start Gazy Boat Muxía



ENTIDADE/ASOCIACIÓN:

Asociación socioeducativa
Educere

TÍTULO DO PROXECTO:

Start Gazy Boat Muxía

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Muxía (A Coruña)

DATA DE REALIZACIÓN:

Do 4 de abril
ao 3 de maio de 2016

PAÍSES PARTICIPANTES:

España, Austria, Francia

Nº DE PARTICIPANTES

GALEGOS/AS: 0

Nº DE PARTICIPANTES

TOTAIS: 7

Start Gazy Boat Muxía é un proxecto de SVE de curta duración que involucra a mozos e mozas con menos oportunidades. Forma parte da estratexia Rückenwind, contando cunha metodoloxía moi específica, que busca o máximo desenvolvemento persoal dos participantes. Lévese a cabo en varios países da Unión Europea, como Finlandia e Inglaterra, e este ano, por primeira vez, foi executado en Muxía (A Coruña), da man da Asociación Socioeducativa Educere, entidade de acollida.

O Proxecto contou con 7 voluntarios/as de nacionalidade austríaca e francesa, de idades comprendidas entre os 17 e 30 anos. A tarefa fundamental a desenvolver polos voluntarios/as foi a rehabilitación dun barco de pesca que posteriormente se doou á Confraría de pescadores de Muxía.

Durante este mes traballouse cos voluntarios e voluntarias conceptos como a pesca sostible, protección de especies, coidado medioambiental, entre outros.

A actividade no barco foi cumprimentada con outras, como a participación en actividades de carácter formativo, como son o aprendizaxe do idioma, cun curso de español, obradoiros de habilidades sociais, resolución de conflitos, visitas culturais, axuda na difusión e promoción do proxecto, actividades de carácter intercultural (encaixe de palillos, visita a un barco de arrastre, reunión con mariñeiros locais etc.), de interacción e integración na comunidade, actividades con medios dixitais etc.

Servizo Voluntario Europeo. Acollida

Health, Inclusion & Sustainability



ENTIDADE/ASOCIACIÓN:

Asociación Socioeducativa
Educere

TÍTULO DO PROXECTO:

Health, Inclusion &
Sustainability

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Muxía (A Coruña)

DATA DE REALIZACIÓN:

Do 9 de maio
ao 15 de outubro de 2016

PAÍSES PARTICIPANTES:

España, Austria

**Nº DE PARTICIPANTES
GALEGOS/AS:** 0

**Nº DE PARTICIPANTES
TOTALS:** 20

Health, Inclusion & Sustainability é un proxecto de SVE de curta duración que involucra a mozas e mozos con menos oportunidades. Forma parte da estratexia *Rückenwind*, contando cunha metodoloxía moi específica que busca o máximo desenvolvemento persoal dos participantes. Contou con 15 voluntarios/as de nacionalidade austríaca, recibidos en quendas de 5 cada mes, de idades comprendidas entre os 17 e 30 anos. Unha das principais tarefas a desenvolver durante o servizo voluntario polos distintos grupos foi a de limpar un terreo con maleza, preparalo para semente e o posterior cultivo de verduras e hortalizas. Todo o recadado na horta foi destinado a Cáritas Muxía, coa intención de axudarlles no labor que están desempeñando en relación co soporte alimentario das familias con menos recursos do municipio.

Neste contexto, o educador social que acompañou na horta aos rapaces e rapazas voluntarias, traballou ámbitos como: hábitos de vida saudable –con respecto á alimentación–, coidado medioambiental, roles de xénero, competencias aplicables ao ámbito laboral e profesional futuro, entre outros.

A actividade na horta foi cumprimentada con outras, como a participación nun intercambio de idiomas e cultural, que levaron a cabo os voluntarios con rapazas e rapaces locais. Tamén, participaron en actividades de carácter formativo, como son a aprendizaxe do idioma, cun curso de español, obradoiros de habilidades sociais, resolución de conflitos, visitas culturais, axuda na difusión e promoción do proxecto, actividades de carácter intercultural (encaixe de palillos, visita a un barco de arrastre, reunión con mariñeiros locais etc.), de interacción e integración na comunidade, actividades con medios dixitais etc.

Servizo Voluntario Europeo. Acollida

Volunteers with the local regeneration



ENTIDADE/ASOCIACIÓN:

Concello de Curtis

TÍTULO DO PROXECTO:

Volunteers with the local regeneration

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Curtis e Teixeira

DATA DE REALIZACIÓN:

Do 1 de agosto de 2015
ao 31 de xullo de 2016

PAÍSES PARTICIPANTES:

Rusia e Italia

Nº DE PARTICIPANTES

GALEGOS/AS: 0

Nº DE PARTICIPANTES

TOTAIS: 2

O Concello de Curtis acolleu durante un ano a dúas voluntarias procedentes unha de Moscú (Rusia) e outra de Vicenza (Italia), que na súa estancia en Galicia axudaron no municipio en tres diferentes áreas:

- Área de promoción turística: percorreron o concello para coñecer todos os recursos que ofrece e mostralos mediante un vídeo que realizaron desde o punto de vista do turista estranxeiro, xa que desde fóra se aprecia e valora máis o que ofrece cada lugar.

- Actividades dirixidas aos/ás máis novos/as: apoiaron nas actividades municipais que se ofrecen de informática, inglés, italiano, campamentos urbanos durante as vacacións escolares, información sobre programas e axudas europeas para a mocidade...

- Axudaron na organización de eventos creados polo concello, co fin de dinamizar e impulsar ó municipio: festa do cabalo, exaltación dos cogomelos, Nadal, Reis Magos, Entroido...

A súa presenza no concello permitiu manter os resultados obtidos ano tras ano nos proxectos anteriores de voluntariado europeo e a demostración dunha boa convivencia entre persoas de Rusia e Ucraína, xa que ao comezo do seu proxecto conviviron con outras dúas voluntarias procedente de Ucraína que estaban a rematar o seu proxecto.

Servizo Voluntario Europeo. Acollida

Europe for me, Europe for you(th)

ENTIDADE/ASOCIACIÓN:

Asociación Cultural Muxelka (España), Polishh Robert Schuman Foundation (Polonia), The Center for European Initiatives (Ucraina)

TÍTULO DO PROXECTO:

Europe for me, Europe for you(th)

LUGAR DE REALIZACIÓN:

A Coruña

DATA DE REALIZACIÓN:

Do 1 de outubro de 2015 ao 30 de xuño de 2016

PAÍSES PARTICIPANTES:

España, Polonia, Ucraina

Nº DE PARTICIPANTES

GALEGOS/AS: 0

Nº DE PARTICIPANTES

TOTAIS: 2

A Asociación Cultural Muxelka da Coruña puxo en marcha un proxecto de SVE na Coruña, acollendo a dúas voluntarias, Izabela (Polonia) e Maryna (Ucraina) durante 9 meses, desde outubro de 2015 a xuño de 2016.

O obxectivo principal do proxecto era a promoción das actividades europeas de mobilidade, a educación non formal e as oportunidades de aprendizaxe intercultural aos mozos/as da Coruña.

As actividades preparadas dentro do proxecto encamiñábanse a ofertar un servizo á xente nova entre 18-35 anos, que é o grupo de destino todos os proxectos preparados por Muxelka. Moitos deles están en paro, buscando activamente a posibilidade de acceder a unha experiencia fóra de España, a través de accións de mobilidade europea ou actividades educativas na súa propia cidade, que lles permitan aumentar a súa competitividade no mercado laboral (cursos de idiomas, participación nos intercambios xuvenís coa xente doutros países na Coruña etc.)



As principais tarefas das voluntarias no proxecto eran a organización de actividades lingüísticas (cursos de inglés, ruso, polaco), charlas, xornadas sobre o programa SVE, consultas para a xente nova interesada nas iniciativas europeas, preparación de proxectos e contactos con outras organizacións europeas.

A través desta iniciativa a Muxelka, quere transmitir a todos os/as mozos/as que: "Europa está chea de oportunidades e estamos aquí para axudarche a facelas túas".

I. ERASMUS +: XUVENTUDE EN ACCIÓN

ACCIÓN CLAVE 1:

Servizo Voluntario Europeo

Servizo Voluntario Europeo. Envío

- *EVS Carral: Let's experience
volunteering*.....61
- *Strana EVS Idea*63
- *Together we can*65
- *Communication Skills and Training*.....67
- *AK Rückenwind*69
- *Follow your dreams*70
- *Euro ValDeMame 2016*.....71
- *Different cultures on the same
wavelength – EVS XIV*.....73
- *EVS in Action*75
- *Schuman Volunteers Press*77

Servizo Voluntario Europeo. Envío

EVS Carral: Let's experience volunteering

ENTIDADE/ASOCIACIÓN:

Concello de Carral (Omix Carral)

TÍTULO DO PROXECTO:

EVS Carral: Let's experience volunteering

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Prato (Italia) e Slupsk (Polonia)

DATA DE REALIZACIÓN:

setembro de 2015 -
marzo de 2016

PAÍSES PARTICIPANTES:

España, Italia e Polonia

Nº DE PARTICIPANTES

GALEGOS/AS: 3

Nº DE PARTICIPANTES

TOTAIS: 3



O Concello de Prato (Italia) acolleu un mozo (Álvaro) e unha moza (Candela) de Carral, que desenvolveron as actividades de voluntariado dentro da oficina xuvenil do concello (atención ao público e traballo técnico na oficina e no *Eurodesk*, colaboración en programas de radio, manexo das redes sociais e o portal de mocidade, colaboración coa revista *Erba*, apoio á organización e asistencia en talleres e eventos e colaboración en proxectos europeos), así como na biblioteca municipal (preparación de materiais e recursos específicos, atención ao público e traballo técnico, organización de eventos e talleres para nenos/as, e realización de enquisas e titorías nas aulas de creatividade).



O Concello de Slupsk (Polonia) acolleu tamén unha moza (Ariana) de Carral, que desenvolveu o servizo de voluntariado dentro das instalacións do concello, prestando apoio na realización de tarefas como a elaboración de documentos e materiais, a participación en reunións de delegacións nacionais e internacionais que visitan a cidade, o apoio nas tarefas de Europe Direct, en tarefas de apoio á cooperación internacional, ao Consello da Mocidade, na organización do concurso sobre a UE; a participación en reunións coa mocidade, o apoio na elaboración do Libro branco do Consello da Mocidade etc.

Servizo Voluntario Europeo. Envío

Strana EVS Idea



ENTIDADE/ASOCIACIÓN:

OMIX Ribadavia / Stranaidea

TÍTULO DO PROXECTO:

Strana EVS Idea

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Torino-Italia

DATA DE REALIZACIÓN:

Do 7 de setembro de 2016
ao 6 de setembro de 2017

PAÍSES PARTICIPANTES:

Italia e España

Nº DE PARTICIPANTES

GALEGOS/AS: 1

Nº DE PARTICIPANTES

TOTAIS: 8

Enviamos a Luis a desenvolver o seu servizo de voluntariado europeo a Turín en Italia e entre as actividades que desenvolveu puido axudar a:

– Nenos/as e persoas adultas con discapacidade (centros de día con actividades artísticas, deportivas, musicais, actividades de socialización, *handmaking* produtos para ser vendidos, apoio ao estudo, intervencións individuais con nenos/as e familias etc.)

– Nenos/as de 0-3 e 4-6 anos de idade (garderías, salas de xogos, actividades de socialización en talleres de creatividade, actividades manuais e físicas, para o cuidado dos/as bebés...)

– A comunidade local (mocidade, adultos, grupos, persoas discapacitadas, adultos con dificultades etc.) a través de proxectos de teatro social e comunitario.

– Asistencia en residencias para persoas sen fogar (homes) para axuda nos aspectos prácticos e dar información útil para as necesidades que poidan ter; asistencia nas rúas a persoas sen fogar (durante a noite apoialos se teñen que ir ao hospital, para dar alimentos e bebidas, cobertores para o inverno); pero sobre todo nas actividades diarias a un pequeno grupo de persoas sen fogar (xardinería, cociña, pintura, limpeza etc.)

Trátase dun proxecto de acollida de 8 voluntarios/as procedentes de diferentes países europeos e socios.

Servizo Voluntario Europeo. Envío

Together we can



ENTIDADE/ASOCIACIÓN:

YMCA Sutton Coldfield (acolida)
/ ETL Don Bosco (envío)

TÍTULO DO PROXECTO:

Together we can

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Sutton Coldfield (Reino Unido)

DATA DE REALIZACIÓN:

De Setembro de 2015
a setembro de 2016

PAÍSES PARTICIPANTES:

España, Luxemburgo, Alemaña,
Francia e Hungría

Nº DE PARTICIPANTES

GALEGOS/AS: 1

Nº DE PARTICIPANTES

TOTAIS: 9

Traballar de voluntaria no YMCA significa coñecer todos e cada un dos proxectos desta asociación:

En *Kingstanding* e *Falcon Lodge* o nivel de desemprego é moi alto así como o nivel adquisitivo daqueles que viven alí. O YMCA ten varios clubs xuvenís pola zona, onde os rapaces poden vir a pasar o tempo, a recibir calquera tipo de axuda e a organizar actividades para a comunidade. Traballar con adolescentes pode parecer difícil, pero só buscan que os entendas.

O YMCA leva tamén un departamento de discapacidade. Dentro deste proxecto, hai varios grupos dependendo da idade das persoas que atenden a este. Por exemplo, de luns a venres hai un club xuvenil para maiores de 18

e menores de 30, onde aprenden as cousas máis importantes da vida: cocíñan, aprenden a viaxar sós, aprenden idiomas, teñen cursos de teatro...

Outro proxecto que ten o YMCA é *Housing*. Aquí o que eu facía principalmente era traballo de oficina axudando a organizar actividades para os/as voluntarios/as e os/as residentes fixos do YMCA. Unha das actividades máis importantes foi o *Sleep Easy*. Esta actividade supón durmir na rúae nunha noite de febreiro co abrigo dun saco de durmir e unha caixa de cartón. O que buscamos con este evento e que todo o mundo se dea conta do grave problema que é non ter casa. É unha actividade de recollida de fondos para axudar a mozos e mozas nesta situación de desamparo.

Para rematar cos principais proxectos do YMCA, teño que falar de *Release*. Este grupo é para toda aquela mocidade que ten algún familiar cunha discapacidade e que se fan cargo deles. O que buscan con este club xuvenil é descargar aos/ás rapaces/zas das obrigas que teñen todos os días e que polo menos un día a semana poidan ser nenos/as e xogar como tales.

No YMCA tamén hai unha gardería na que o voluntariado traballabamos unha vez á semana. A miña asociación organiza outro tipo de eventos como os campamentos no YMCA durante as vacacións. Estes proxectos só funcionan cando non hai colexio e organízanse moitas actividades para eles. Iremos ao cine, de excursión a sitios moi interesantes (museos, cidades, parques temáticos...), cocinamos e xogamos. Pero o que máis facemos é pasalo ben.

Servizo Voluntario Europeo. Envío

Communication Skills and Training



ENTIDADE/ASOCIACIÓN:

Hang-Kép Egyesület, Sound-Picture Association (acollida) / ETL Don Bosco (envío)

TÍTULO DO PROXECTO:

Communication Skills and Training

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Debrecen, Hungría

DATA DE REALIZACIÓN:

Do 1 de marzo de 2016
ao 28 de febreiro de 2017

PAÍSES PARTICIPANTES:

4 (España, Italia, Alemaña,
Romanía)

Nº DE PARTICIPANTES

GALEGOS/AS: 1

Nº DE PARTICIPANTES

TOTAIS: 5

O 1 de marzo de 2016 cheguei a Hungría para realizar un servizo de voluntariado europeo de doce meses. A miña organización de acollida foi *Hang-Kép Egyesület* (Sound-Picture Association), situada en Debrecen (Hungría). Debrecen é a segunda cidade máis grande do país despois de Budapest pero, a súa vez, é unhas oito veces máis pequena que a capital. O mesmo día ca min chegaron tamén outros dous voluntarios, un desde Italia e outro desde Romanía. O participante procedente de Alemaña rematou o seu proxecto, tamén anual, a mediados de xullo polo que unha nova voluntaria alemá chegou no seu lugar. Foi con eles cos que convivín nun apartamento que se atopaba a uns quince minutos a pé da nosa oficina. Nela traballamos individual e conxuntamente en tarefas baseadas na edición de foto e vídeo. O noso labor baseouse principalmente en facer reportaxes fotográficas en diversos eventos

culturais e sociais da cidade e arredores (competicións de dardos, concertos, exposicións de arte, presentacións de libros, festivais gastronómicos, conferencias, clubs de conversación, recitais e espectáculos teatrais etc.). Nalgunhas ocasións tamén fixemos actividades de promoción do voluntariado europeo en feiras de mobilidade ou emprendemento xuvenil ou festivais e mostras de asociacionismo. Desde a nosa organización tamén colaboramos ocasionalmente con outras da cidade poñendo o noso gran de area en actividades de cociña solidaria, de integración da mocidade romana en Hungría ou de limpeza de bosques. A nosa lingua de traballo foi o inglés pero asistimos a un curso de húngaro básico na universidade de Debrecen. A lingua húngara está considerada unha das máis complexas que existen (ten 14 vogais, non hai xénero gramatical e só se usa o pasado, o presente e o futuro) mais logramos sobrevivir a este ano e mesmo asistín a clases de salsa impartidas en húngaro. Quen ía dicir que volvería de Hungría bailando salsa sen entender máis que “un, dous, tres, esquerda, dereita”? (*Egy, kettő, három, balra, jobbra*).

Servizo Voluntario Europeo. Envío

AK Rückenwind

ENTIDADE/ASOCIACIÓN:

Asociación Socioeducativa
Educere

TÍTULO DO PROXECTO:

AK Rückenwind

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Innsbruck, Austria

DATA DE REALIZACIÓN:

Do 1 de xuño de 2016
ao 30 de xuño de 2017

PAÍSES PARTICIPANTES:

España, Austria, Francia,
Finlandia, Estonia

Nº DE PARTICIPANTES

GALEGOS/AS: 1

Nº DE PARTICIPANTES

TOTAIS: 10



O proxecto de voluntariado AK Rückenwind albergou 10 mozos e mozas de diferentes nacionalidades, de idades comprendidas entre os 18 e os 30 anos, en Innsbruck, Austria.

Os participantes recibiron formación á súa chegada, durante o mes tiveron clases de alemán. As tarefas a levar a cabo foron desde a rehabilitación dun parque infantil ata a preparación de terreos para a posterior organización de campamentos de verán para nenos e nenas locais. Tamén axudaron na organización do evento cultural “Äuele Fest”, un festival de música dirixido aos mozos e mozas da cidade de acollida.

Ademais do citado, os voluntarios e voluntarias, aprenderon moito máis sobre si mesmos, a vivir nun ambiente multicultural. Durante este mes, os mozos/as gañaron en autoestima, auto-confianza e autonomía. O proxecto obtivo ao final un resultado visible para os/as participantes e para a poboación local.

Servizo Voluntario Europeo. Envío

Follow your dreams

70

Un ano de mobilidade xuvenil 2016

ENTIDADE/ASOCIACIÓN:

Asociación Socioeducativa
Educere

TÍTULO DO PROXECTO:

Follow your dreams

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Kokkola (Finlandia)

DATA DE REALIZACIÓN:

Do 6 de xullo de 2016
ao 3 de maio de 2017

PAÍSES PARTICIPANTES:

Finlandia, España, Austria,
Hungría, Italia

**Nº DE PARTICIPANTES
GALEGOS/AS:** 1

**Nº DE PARTICIPANTES
TOTALS:** 7



Follow Your Dreams é un proxecto de SVE de curta duración que involucrou a mozos e mozas con menos oportunidades. Levouse a cabo en Kokkola (Finlandia) e contou con 7 voluntarios e voluntarias de diferentes países, con idades comprendidas entre os 17 e 30 anos.

O obxectivo da actividade foi dotar a comunidade local de maior dinamismo e facer atractiva a posibilidade de participar no servizo de voluntariado europeo por unha banda e, por outra, a promoción e o coidado medioambiental e a sensibilización da cidadanía neste eido.

Os rapaces e rapazas participantes, pola súa vez, axudaron a organizar a Kokkola Cup, que consta dunha competición de cabalos e un pequeno torneo de fútbol.

Ademais, participaron nun curso de idioma, en diferentes actividades de ocio e tempo libre, obradoiros de arte e música, entre outros.

Servizo Voluntario Europeo. Envío

Euro ValDeMarne 2016

ENTIDADE/ASOCIACIÓN:

Asociación Cultural Muxelka, Mission Locale Intercommunale des Bords de Marne (Francia), Comité départemental Union Sportive de l'Enseignement du Premier degré du Val-de-Marne (Francia), Europe Direct Pisa (Italia)

TÍTULO DO PROXECTO:

Euro ValDeMarne 2016

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Alfortville – France

DATA DE REALIZACIÓN:

Do 1 de febreiro
ao 31 de xullo de 2016

PAÍSES PARTICIPANTES:

España, Francia, Italia

**Nº DE PARTICIPANTES
GALEGOS/AS:** 1

**Nº DE PARTICIPANTES
TOTALS:** 6

O proxecto tivo lugar nunha asociación deportiva e clubs de fútbol liderados por 6 organizacións asociadas.

Os clubs estaban situados no barrio de Val de Marne: Vitry sur Seine, Orly, Villecresnes, Alfortville, París.

As actividades do proxecto:

1. O meu Euro 2016: promover e desenvolver o programa "O meu Euro 2016" dentro de clubs deportivos grazas a reunións e intercambios.
2. Voluntariado durante o Euro 2016 en París (Stade de France e Parc deas Princes).
3. Cooperación coa Federación Francesa de Fútbol e o Programa Educativo Federal - participación na cidadanía e accións sociais relacionadas co tema do programa e a súa implementación no club e promoción do proxecto



entre os clubs a través de intercambios e talleres organizados.

4. Organización de torneos deportivos no club e coas escolas e centros xuvenís.

5. Promoción de estilos de vida saudables, Europa (cultura, lingua), fútbol (sesións deportivas escolares) en diferentes escolas francesas.

6. Participar na vida cotiá da asociación.

Servizo Voluntario Europeo. Envío

Different cultures on the same wavelength – EVS XIV

ENTIDADE/ASOCIACIÓN:

Eletert Kozhasznu Egyesulet (Hungría), Asociación Cultural Muxelka (España), Interregional youth social movement of support of voluntary initiatives SFERA (Rusia), Association Pour la mise en valeur des rivieres et pour les initiatives locales (Francia), Associazione Culturale Strauss (Italia), Hodina H Os (República Checa)

TÍTULO DO PROXECTO:

Different cultures on the same wavelength – EVS XIV

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Nyiregyhaza, Hungría

DATA DE REALIZACIÓN:

Do 6 de xuño
ao 1 de agosto de 2016

PAÍSES PARTICIPANTES:

Hungría, España, Rusia, Italia,
Francia, República Checa

**Nº DE PARTICIPANTES
GALEGOS/AS: 1**

**Nº DE PARTICIPANTES
TOTALS: 7**

O obxectivo do proxecto *Different cultures on the same wavelength* (*As diferentes culturas na mesma lonxitude de onda*) é que os/as voluntarios/as participen activamente na edición e difusión do Mustar FM (89.6) de radio civil local, traballando en equipo co resto dos/as mozos/as (en intercambio de ideas, a recompilación de información, edición, tarefas técnicas etc.) e teñan a oportunidade de facer o seu propio programa de radio que presenta a cultura e o idioma do país de procedencia nos seus propios idiomas. O nome deste programa é *Language Lesson*. Ademais, teñen que rexistrar e editar 6 programas comúns chamados: 1. *ETW* (experimentar o mundo-entrevistas con persoas interesantes e historias), 2. *Point of view* (sobre as accións da UE), 3. *Free Topic* (como o seu nome indica teñen elección tema libre neste



programa), 4. *World Politics* (sobre a acción política), 5. *Gossip* en todo o mundo (onde se fala sobre a vida de glamour), 6. Programa Cultura (discusión de temas culturais, aspectos).

Durante a súa estancia guíaranse polos/as especialistas en todo o posible para chegar a coñecer como gravar e editar programas de radio. Ademais de facer programas de radio, que tamén terá unha tarefa, proporcionar leccións do club idioma no seu propio idioma aos residentes da cidade. Estas son conversacións informais, principalmente para axudar á xente da cidade para practicar o idioma. Os/as voluntarios/as tamén se involucran na vida de Mustárház, participan en diferentes programas e tamén para coñecer a lingua e a cultura húngara.

Servizo Voluntario Europeo. Envío

EVS in Action



ENTIDADE/ASOCIACIÓN:

Asociación Cultural Muxelka (España), Mladinski center Krsko (Eslovenia), Association for sustainable development Sfera Macedonia–Bitola (Macedonia), Cooperation for Voluntary Service– Bulgaria, Associaone Culturale Strauss (Italia), Asociación Juvenil Intercambia (España), Ayuntamiento de Murcia (España), Youth4youth (Italia), KalpAnkara Egitim ve Genclik Merkezi Dernegi (Turquía), Sistem Ve Jenerasyon Dereneji, (Turquía), Nuorisokeskus Villa Elba (Turquía)

TÍTULO DO PROXECTO:

EVS in Action

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Krško, Eslovenia

DATA DE REALIZACIÓN:

Do 16 de xuño
ao 1 de agosto de 2016

PAÍSES PARTICIPANTES:

Eslovenia, España, Macedonia,
Bulgaria, Turquía, Italia

**Nº DE PARTICIPANTES
GALEGOS/AS: 2**

**Nº DE PARTICIPANTES
TOTALS: 24**

O obxectivo do proxecto *EVS in Action* é que os/as voluntarios/as participen activamente nas actividades para a comunidade local de Krško. Actividades principais:

- Formación á chegada en Krško (3 días).
- Velada de debate para os/as visitantes locais sobre a importante cuestión que a mocidade ten hoxe en día en Europa (tamén impacto do SVE). Virán algúns voluntarios de EVS de Eslovenia dos últimos 20 anos.
- Organización de 7 veladas culturais abertas para todos/as (cada país, comida nacional, música, valores etc.)
- Curso de lingua semanal: Aprendizaxe das expresións básicas eslovenas(1 h/semana).
- Viaxe en barco EVS (só para voluntarios/as do SVE).

- Centro da mocidade de visita na nosa rexión.
- Formación sobre organización de eventos deportivos (1 día).
- Organización de eventos para celebrar 20 anos de SVE, reunión de 20 voluntarios/as EVS de Eslovenia.
- Organización de actividades deportivas en diferentes lugares (piscina, baloncesto, fútbol, clases de baile, paseo nórdico, ioga no parque...)
- Preparación de actividades deportivas para persoas con discapacidade e mozos/as con necesidades especiais/ menos oportunidades.

Servizo Voluntario Europeo. Envío

Schuman Volunteers Press

ENTIDADE/ASOCIACIÓN:

Asociación Cultural Muxelka (España), Polish Robert Schuman Foundation (Polonia), Klub Integracji Europejskiej przy Zespole Szkol Ogólnokształcących i Technicznych w Wojkowicach (Polonia), KVT Finlandia (Finlandia) Jugendwerk der AWO Wuerttemberg e.V. (Alemaña), Youth NGO Iskra (Ucraina)

TÍTULO DO PROXECTO:

Schuman Volunteers Press

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Varsovia, Wojkowice, Polonia

DATA DE REALIZACIÓN:


Do 1 de outubro de 2015
ao 30 de xuño de 2016

PAÍSES PARTICIPANTES:

España, Polonia, Finlandia,
Ucraina

**Nº DE PARTICIPANTES
GALEGOS/AS:** 1

**Nº DE PARTICIPANTES
TOTALS:** 4



O proxecto Schuman Volunteers Press foi unha iniciativa da organización polaca Polish Robert Schuman Foundation.

Voluntario como xornalista, reporteiro e un informante. Catro voluntarios de Finlandia, Alemaña, Ucraína e España partiron en Polonia nunha reunión cos/as mozos/as, levaron a cabo talleres, xogos, presentacións e escribiron historias sobre as súas experiencias. Para que? Para animalos/as para tomar medidas, compartir coñecementos sobre a Unión Europea (nos valores europeos, a estrutura da UE, programas etc.), sobre o voluntariado, a política de mocidade, as oportunidades de mobilidade na formación en Europa, sobre temas de importancia para os mozos.

I. ERASMUS +: XUVENTUDE EN ACCIÓN

ACCIÓN CLAVE 1:

Mobilidade de traballadores:

Mobilidade de traballadores. Acollida

· *iMigration – Fostering European*

Positive Migration.....81

Mobilidade de traballadores. Acollida

iMigration – Fostering European Positive Migration



ENTIDADE/ASOCIACIÓN:
ONG Ecos do Sur

TÍTULO DO PROXECTO:
iMigration – Fostering European
Positive Migration

LUGAR DE REALIZACIÓN:
Arteixo (España)

DATA DE REALIZACIÓN:
Maio de 2016

PAÍSES PARTICIPANTES:
España, Portugal e Italia

**Nº DE PARTICIPANTES
GALEGOS/AS:** 27

**Nº DE PARTICIPANTES
TOTALS:** 27

O proxecto *iMigration*, consiste na promoción da mobilidade da xuventude a nivel europeo, informándoos sobre as oportunidades de desenvolvemento persoal, profesional e formativo e eliminando a visión negativa que moitos teñen sobre a opción de emigrar. Para iso preténdese presentar de forma dinámica e a través dun xogo interactivo en liña baixo a filosofía de aprender xogando, as fases nas que se desenvolve a aventura dos procesos migratorios.

A actividade realizada consistiu nunha actividade destinada á aprendizaxe sobre os fenómenos migratorios en Europa e as accións que un/ha traballador/a da mocidade debe realizar para mellorar o asesoramento a quen quere emprender un proxecto migratorio.

I. ERASMUS +: XUVENTUDE EN ACCIÓN

ACCIÓN CLAVE 1:

Mobilidade de traballadores:

Mobilidade de traballadores. Envío

- *Learning to learn: Training Course* 85
- *iMigration – Fostering European Positive Migration*..... 86
- *Network Wanted*..... 87
- *CORE 2 – Challenging Europe*..... 88

Mobilidade de traballadores. Envío

Learning to learn: Training Course



ENTIDADE/ASOCIACIÓN:

Concello de Ribadavia
(OMIX Ribadavia)

TÍTULO DO PROXECTO:

Learning to learn:
Training Course

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Vadul Lui Voda, República de
Moldavia

DATA DE REALIZACIÓN:

Do 14 ao 23 de outubro de 2016

PAÍSES PARTICIPANTES:

Bulgaria, Dinamarca, Xeorxia,
Italia, Moldavia, Romanía,
España, Suecia, Armenia e
Ucraina

Nº DE PARTICIPANTES

GALEGOS/AS: 3

Nº DE PARTICIPANTES

TOTAIS: 30

O curso de formación foi unha actividade do día 8 de traballo en Vadul Lui Voda, a República de Moldavia, reunindo 30 participantes de Bulgaria, Dinamarca, Xeorxia, Italia, Moldavia, Romanía, España, Suecia, Armenia e Ucraína. O *Trainig Course* tivo como obxectivo proporcionar líderes de mocidade cos métodos de educación non formal e habilidades facilitadoras e resolución de conflitos.

Mobilidade de traballadores. Envío

iMigration – Fostering European Positive Migration

86

Un ano de mobilidade xuvenil 2016



ENTIDADE/ASOCIACIÓN:

ONG Ecos do Sur

TÍTULO DO PROXECTO:

iMigration – Fostering European
Positive Migration

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Lisboa, Alentejo (Portugal) –
Cuba

DATA DE REALIZACIÓN:

Outubro de 2016

PAÍSES PARTICIPANTES:

España, Portugal e Italia

**Nº DE PARTICIPANTES
GALEGOS/AS: 5**

**Nº DE PARTICIPANTES
TOTALS: 14**

O proxecto iMigration, consiste na promoción da mobilidade da xuventude a nivel europeo, informándoos sobre as oportunidades de desenvolvemento persoal, profesional e formativo e eliminando a visión negativa que moitos teñen sobre a opción de emigrar. Para iso preténdese presentar, de forma dinámica e a través dun xogo interactivo en liña baixo a filosofía de aprender xogando, as fases nas que se desenvolve a aventura dos procesos migratorios.

A actividade realizada consistiu nunha actividade formativa destinada á aprendizaxe sobre o asesoramento, sobre autoemprego para persoas que migran como para os/as mozos/as que no canto de migrar en busca de emprego deciden emprender nas súas comunidades.

Mobilidade de traballadores. Envío

Network Wanted

ENTIDADE/ASOCIACIÓN:

Asociación Cultural Muxelka (España), Fundacja Pociecha (Polonia), Modern Youth Public Union (Azerbaiján), Projecteka Association (Bulgaria), A.D.E.L. - Association for Development, Education and Labour (Eslovaquia), Hellasforum (Grecia), Young Effect Association (Italia), Jordan Youth Innovation Forum (Xordania), Public Association "Cronograf" (Moldova), Asociatia Segmente (Romanía), "Kharkiv association for active youth "Stella" (Ucraina)

TÍTULO DO PROXECTO:

Network Wanted

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Grzybowo, Polonia

DATA DE REALIZACIÓN:

Do 2 ao 8 de outubro de 2016

PAÍSES PARTICIPANTES:

España, Polonia, Azerbaiján, Bulgaria, Eslovaquia, Grecia, Italia, Xordania, Moldova, Romanía, Ucraína

Nº DE PARTICIPANTES

GALEGOS/AS: 2

Nº DE PARTICIPANTES

TOTAIS: 22

Contact Making Event "Network Wanted" xuntou en Polonia a 22 participantes, líderes, formadores/as e traballadores/as xuvenís de 11 países diferentes.

O obxectivo principal do proxecto foi fortalecer a cooperación entre diferentes ONG europeas e crear novos proxectos dentro do programa Erasmus+.

Network Wanted foi unha oportunidade para as novas organizacións con pouca experiencia para asociarse coas que teñen máis e intercambiar boas prácticas no ámbito da mocidade a nivel local.

Os/as participantes contribuíron nas actividades preparadas a través da metodoloxía da educación non formal como: simulacións, *role-playing*, discusións, *brainstorming*, rompexeos etc.

Ao final, os participantes van crear novos proxectos, que van poder desenvolver nas súas organizacións a nivel local, rexional ou nacional.



Mobilidade de traballadores. Envío

CORE 2 – Challenging Europe

88

Un ano de mobilidade xuvenil 2016



ENTIDADE/ASOCIACIÓN:
OMIX Ribadavia

TÍTULO DO PROXECTO:
CORE 2 – Challenging Europe

LUGAR DE REALIZACIÓN:
Vinci (Italia)

DATA DE REALIZACIÓN:
Do 13 ao 20 de setembro
de 2016

PAÍSES PARTICIPANTES:
Italia, Portugal, España,
Eslovenia, Hungría, Croacia,
Serbia

**Nº DE PARTICIPANTES
GALEGOS/AS:** 3

**Nº DE PARTICIPANTES
TOTALS:** 21

CORE 2 – Challenging Europe foi o *Booklet* creado polos/as participantes no Curso de Formación *CORE 2* que se desenvolveu en Vinci (Italia) desde o 13 ao 20 de setembro de 2016 e que tivo como temática o tratamento de conflitos e os conflitos interculturais.

O Curso de Formación, co-financiado polo programa Erasmus+, foi organizado pola *Associazione Agrado* e tivo como socios deste proxecto a *Associação Control-Dentro*, Omix Ribadavia, PINA, HVSF, *Syncro-Synergy Croatia*, Centar E8, organizacións de Italia, Portugal, España, Eslovenia, Hungría, Croacia e Serbia.

É un *Booklet* que pode ser útil para formadores/as, traballadores/as de xuventude e educadores en xeral, con exercicios prácticos detallados e métodos para administración de conflito e diferenzas culturais.

I. ERASMUS +: XUVENTUDE EN ACCIÓN

ACCIÓN CLAVE 2:

Asociacións Estratéxicas

· *Rec Think: Fight against isolation
through participative IT tools.....91*

Asociacións estratéxicas

Rec Think: Fight against isolation through participative IT tools

ENTIDADE/ASOCIACIÓN:

Agareso

TÍTULO DO PROXECTO:

Rec Think:
Fight against isolation
through participative IT tools

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Galicia e Norte de Portugal
nas accións presenciais, Italia
e Francia participan con
formacións online

DATA DE REALIZACIÓN:

Do 2 de novembro de 2015
ao 10 de agosto de 2016

PAÍSES PARTICIPANTES:

España, Portugal, Francia, Italia

Nº DE PARTICIPANTES

GALEGOS/AS: 27

Nº DE PARTICIPANTES

TOTAIS: 42



As organizacións participantes neste proxecto alíanse para desenvolver unha serie de ferramentas e metodoloxías mediante as cales as mozas de zonas rurais se involucren nun proceso no cal RE-pensarse a si mesmas e o seu papel no futuro das súas localidades. Para iso utilizarase o vídeo participativo como ferramenta para a expresión colectiva e a xeración de ideas, de modo que pulsar o REC sexa o primeiro paso na construción de alternativas sustentables.

Unha parte relevante das zonas rurais en Europa están a vivir un forte proceso de despoboamento que vai acompañado dun progresivo envellecemento da poboación, en zonas do rural de países como os dos socios participantes. Estes fenómenos teñen consecuencias negativas tanto para o desenvolvemento persoal dos/as mozos e mozas como para o conxunto da zona e para a súa perspectiva económica e social.

A través dun proceso formativo e de empoderamento de mozos e mozas no rural e do

reforzo do intercambio dixital con outros rapaces e rapazas, conséguese a mellora das súas competencias comunicativas e dixitais e o seu empoderamento e desenvolvemento persoal. Ademais, este proxecto mellora as capacidades e métodos das organizacións participantes á hora de traballar en zonas rurais no ámbito da xuventude.

Dentro do proxecto, os beneficiarios teñen traballado de forma conxunta na realización dunha revista dixital (O Xugo) e diferentes materiais como imaxes das zonas onde viven ou vídeos explicándonos a súa visión sobre o espazo rural. Todos estes materiais, así como as guías para que outras organizacións poidan levar a cabo un proxecto similar están aloxados na web (www.recthink.eu) e no tumblr (<http://recthink.tumblr.com/>) de Rec Think.

II. ERASMUS EDUCACIÓN

DIGAL

· *Dinamizando Galicia-DiGal*95

Dinamizando Galicia-DiGal

ENTIDADE/ASOCIACIÓN:

Dirección Xeral de Xuventude,
Participación e Voluntariado

TÍTULO DO PROXECTO:

Dinamizando Galicia-DiGal

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Burdeos, Cork, Arezzo,
Barcelos, Praga

DATA DE REALIZACIÓN:

Abril-maio e xullo-agosto
de 2016

PAÍSES PARTICIPANTES:

Francia, Irlanda, Italia, Portugal,
República Checa

Nº DE PARTICIPANTES

GALEGOS/AS: 26

Nº DE PARTICIPANTES

TOTAIS: 26



O proxecto Dinamizando Galicia-DiGal foi un proxecto de mobilidade enmarcado no programa Erasmus+ da acción KA102. as persoas destinatarias foron mozas e mozos de entre 18 e 30 anos que obtiveron os certificados de profesionalidade e ciclos medios de Formación Profesional nos centros de formación da Consellería de Medio Rural, da Consellería de Política Social e nos IES Monte Castelo de Burela, IES A Pinguela de Monforte de Lemos, IES Lamas de Abade de Santiago de Compostela e no Centro de Estudos Gastronómicos San Francisco Javier da Coruña.

O obxectivo principal deste proxecto era facilitar a inserción laboral da mocidade proporcionando a posibilidade de coñecer o mercado de traballo, adquirir experiencia laboral, poder desenvolver capacidades de autonomía e independencia e, ao mesmo tempo, poder mellorar as habilidades lingüísticas e comunicativas nun idioma distinto ao materno.

A actividade principal consistiu en realizar prácticas laborais non remuneradas durante

60 días nunha empresa estranxeira axeitada ao perfil profesional da persoa participante. A persoa beneficiaria da mobilidade tivo cubertos todos os gastos da estancia: viaxes de ida e volta a custo real ata un máximo segundo o país elixido, aloxamento e manutención, actividades de apoio lingüístico/cultural no país de destino e apoio permanente durante a estancia. Ao regreso contaron coa acreditación da experiencia laboral do período que será válida en todo o territorio nacional e europeo.

III. PROGRAMA GALEGO DE MOBILIDADE

Galeuropa:

- *Galeuropa 2016. Axudas individuais ..* 101
- *Galeuropa, proxecto de mobilidade transnacional xuvenil - Costa da Morte 2016* 103
- *Galeuropa Val do Ulla 2016* 105
- *Galeuropa 2016. Agrupación Negreira - Val do Dubra* 106
- *Galeuropa Lisboa 2016.....* 107
- *Galeuropa con Inglicia.....* 109
- *Galeuropa 2016. Asociación Erasmus Compostela.....* 110
- *Galeuropa 2016. Asociación Luenda.....* 111
- *Galeuropa 2016. Asociación Muxema* 112
- *Galeuropa 2016. Asociación Joy.....* 113
- *Galeuropa 2016. Asociación Sustinea* 114
- *Galeuropa 2016. Asociación periodística de estudos e información* 115
- *Galeuropa 2016. Confederación empresarial de Ourense* 116

Xuventude no mundo

- *O camiño Kumano Kodo.....* 119
- *Mirando cara ao futuro* 121
- *O Camiño de Santiago* 123

III. PROGRAMA GALEGO DE MOBILIDADE

Galeuropa:

· Galeuropa 2016. Axudas individuais ..	101
· Galeuropa, proxecto de mobilidade transnacional xuvenil - Costa da Morte 2016	103
· Galeuropa Val do Ulla 2016	105
· Galeuropa 2016. Agrupación Negreira - Val do Dubra	106
· Galeuropa Lisboa 2016.....	107
· Galeuropa con Inglicia.....	109
· Galeuropa 2016. Asociación Erasmus Compostela.....	110
· Galeuropa 2016. Asociación Luenda.....	111
· Galeuropa 2016. Asociación Muxema	112
· Galeuropa 2016. Asociación Joy.....	113
· Galeuropa 2016. Asociación Sustinea	114
· Galeuropa 2016. Asociación periodística de estudos e información	115
· Galeuropa 2016. Confederación empresarial de Ourense	116

Galeuropa

Galeuropa 2016. Axudas individuais



ENTIDADE / ASOCIACIÓN:

Dirección Xeral de Xuventude,
Participación e Voluntariado

TÍTULO DO PROXECTO:

Galeuropa 2016.
Axudas individuais

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Alemaña, Austria, Bélxica,
Bulgaria, Dinamarca, Finlandia,
Francia, Grecia, Hungría, Irlanda,
Italia, Luxemburgo, Malta,
Países Baixos, Polonia, Portugal,
república Checa, Suecia e Reino
Unido

DATA DE REALIZACIÓN:

Agosto-dецembro de 2016

PAÍSES PARTICIPANTES:

**Nº DE PARTICIPANTES
GALEGOS:** 146

**Nº DE PARTICIPANTES
TOTALS:** 146

A través das axudas individuais concedidas directamente pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado no ano 2016 un total de 146 mozos a mozas galegas realizaron prácticas formativas en 19 países europeos.

PAÍS DE REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS (AXUDAS INDIVIDUAIS)

Alemaña	9	Luxemburgo	1
Austria	1	Malta	3
Bélxica	2	P. Baixos	2
Bulgaria	2	Polonia	3
Dinamarca	2	Portugal	21
Finlandia	2	*Azores	1
Francia	6	*Madeira	1
Grecia	2	Rep. Checa	1
Hungría	1	Suecia	2
Irlanda	18	R. Unido	54
Italia	12		

A mobilidade transnacional pode constituír un elemento fundamental na formación dos mozos e mozas, tanto pola experiencia adquirida como polo apoio que pode supoñer a aprendizaxe dun idioma estranxeiro. Desta maneira, a experiencia laboral no estranxeiro pode achegar un valor engadido á formación permanente dos/as mozos/as a á súa traxectoria profesional e proporcionarlle máis oportunidades de emprego

Galeuropa

Galeuropa, proxecto de mobilidade transnacional xuvenil - Costa da Morte 2016



ENTIDADE/ASOCIACIÓN:

Concello de Camariñas

TÍTULO DO PROXECTO:

Galeuropa, proxecto de mobilidade transnacional xuvenil - Costa da Morte 2016

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Londres (Gran Bretaña)
e Borgo Val di Taro (Italia)

DATA DE REALIZACIÓN:

Londres, do 11 de setembro
ao 19 e novembro de 2016.
Borgo Val di Taro,
do 25 de setembro
ao 4 de decembro de 2016

PAÍSES PARTICIPANTES:

España

Nº DE PARTICIPANTES

GALEGOS/AS: 24

Nº DE PARTICIPANTES

TOTAIS: 24

21 mozas e mozos participaron no programa promovido por segundo ano consecutivo polos concellos de Camariñas, Carnota, Dumbria, Mazaricos, Muxía, Vimianzo e Zas. Os participantes realizaron prácticas laborais non remuneradas de máis de 100 horas ao mes en empresas de Londres e de Borgo Val di Taro (Italia) vinculadas á súa formación académica e a súa experiencia laboral. Durante 2 meses reforzaron as súas competencias profesionais e lingüísticas, incrementando as súas posibilidades de inserción laboral e o coñecemento do inglés ou do italiano. Os/as participantes tiñan entre 19 e 29 anos e unha formación entre o Ciclo Medio de Formación Profesional e o Grao ou Mestrado Universitario.

En Londres, 16 persoas realizaron as súas prácticas como bibliotecaria, técnico audiovisual,

community manager, traballadoras sociais, administrativos, técnica de laboratorio, enxeñeira, deseñador gráfico de web, arquitecta, técnica de confección e técnica de acuicultura. Aloxáronse por parellas en vivendas familiares, o que lles permitiu a práctica do inglés e o contacto coa diversidade cultural da capital británica.

As 5 persoas que estiveron en Borgo Val di Taro, municipio da provincia de Parma e socio do Concello de Camariñas en anteriores programas europeos, aloxáronse nunha vila no centro da capital municipal. Dúas delas estiveron de educadoras infantís, unha de enfermeira nun centro da terceira idade, outro de técnico de mantemento informático e outra de psicóloga nun equipo comarcal de servizos sociais.

Os/as participantes, que recibiron formación durante as prácticas, quedaron satisfeitos/as da experiencia laboral e persoal adquirida e do programa Galeuropa. Ao remate, tres persoas quedaron traballando en Londres, dúas gozaban de bolsas Feuga e o resto estaba en busca activa de emprego.

Galeuropa

Galeuropa Val do Ulla 2016

ENTIDADE/ASOCIACIÓN:

Concellos de Vila de Cruces,
Vedra e Boqueixón

TÍTULO DO PROXECTO:

Galeuropa Val do Ulla 2016

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Bolonia, Londres e Cork

DATA DE REALIZACIÓN:

Setembro e decembro de 2016

PAÍSES PARTICIPANTES:

Italia, U.K. e Irlanda

Nº DE PARTICIPANTES

GALEGOS: 14

Nº DE PARTICIPANTES

TOTAIS: 14



O programa *Galeuropa Val do Ulla 2016* consistiu na realización de prácticas formativas non retribuídas en empresas/entidades públicas e privadas en Italia, U.K. e Irlanda durante tres meses.

A finalidade do programa de mobilidade é reforzar a empregabilidade e as competencias profesionais dos/as mozos/as non ocupados/as e non integrados/as nos sistemas de educación ou formación, contribuíndo á mellora da súa formación e á adquisición da experiencia profesional necesaria para a incorporación ao mercado de traballo dunha maneira duradeira no tempo. Ademais, a mobilidade transnacional apoia a adquisición de competencias en idiomas estranxeiros que aumentan a empregabilidade das persoas mozas.

Obxectivos:

- Incrementar as posibilidades de inserción laboral para a mocidade.
- Completar a competencia profesional e persoal.
- Adquirir competencias en idiomas estranxeiros e reducir os obstáculos lingüísticos.
- Fomentar a autonomía persoal.

Galeuropa

Galeuropa 2016. Agrupación Negreira-Val do Dubra

106

Un ano de mobilidade xuvenil 2016

ENTIDADE / ASOCIACIÓN:

Agrupación
Negreira-Val do Dubra
(Concellos de Negreira e
Val do Dubra)

TÍTULO DO PROXECTO:

Galeuropa 2016

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Finlandia e Reino Unido

DATA DE REALIZACIÓN:

setembro-novembro de 2016

PAÍSES PARTICIPANTES:

**Nº DE PARTICIPANTES
GALEGOS:** 16

**Nº DE PARTICIPANTES
TOTALS:** 146

A agrupación Negreira-Val do Dubra, formada polos concellos de Negreira e Val do Dubra, xestionaron no 2016 un proxecto de 16 mobilidades: 7 en Finlandia e 9 en Reino Unido.

A duración total das prácticas formativas dos mozos e mozas participantes foi de 2 meses e 18 días.



Galeuropa

Galeuropa Lisboa 2016



ENTIDADE/ASOCIACIÓN:

Asociación Universitaria
Educación Social e Sociedade

TÍTULO DO PROXECTO:

Galeuropa Lisboa 2016

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Lisboa

DATA DE REALIZACIÓN:

Agosto-novembro de 2016

PAÍSES PARTICIPANTES:

Galicia-Portugal

Nº DE PARTICIPANTES

GALEGOS/AS: 12

Nº DE PARTICIPANTES

TOTAIS: 12

Neste proxecto xestionouse a mobilidade de doce mozos/as galegos/as en Lisboa, desde agosto ata novembro de 2016. Os/as participantes, maioritariamente do ámbito socioeducativo, realizaron prácticas formativas en entidades acordadas ao seu perfil e intereses profesionais previos. Paralelamente, recibiron formación lingüística a través de métodos activos e adaptados ás súas necesidades.

Co fin de potenciar a experiencia, participaron en tres seminarios: un de preparación, que permitiu o achegamento á realidade sociocultural da cidade, ao contexto socioprofesional e ás súas expectativas e medos; outro de avaliación intermedia, para o balance persoal e profesional da experiencia e o deseño dos seus proxectos de vida; por último, un seminario de inserción laboral e oportunidades europeas, dirixido a orientar o seu futuro profesional e incrementar a súa

empregabilidade. Os/as mozos/as recibiron unha atención personalizada, seguimento e acompañamento continuo por parte das mentoras de Galicia e Lisboa (Clube Intercultural Europeu). Esta última, facilitou a súa inmersión sociocultural a través da participación en actividades realizadas coa comunidade local. O proxecto cubriu todos os gastos de viaxe, transportes, aloxamento e manutención. Cómpre subliñar que sobre un 40% das persoas participantes atoparon emprego no seu ámbito de actuación no mes seguinte ao remate da mobilidade.

Galeuropa

Galeuropa con Inglicia



ENTIDADE/ASOCIACIÓN:

Asociación Cultural Inglicia

TÍTULO DO PROXECTO:

Galeuropa con Inglicia

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Irlanda, República Checa, Italia

DATA DE REALIZACIÓN:

agosto-novembro de 2016

PAÍSES PARTICIPANTES:

Irlanda, República Checa, Italia

Nº DE PARTICIPANTES

GALEGOS/AS: 17

Nº DE PARTICIPANTES

TOTAIS: 17

Grazas ao proxecto Galeuropa con Inglicia, 17 mozos e mozas galegos/as inscritos/as en Garantía Xuvenil, puideron gozar dunhas mobilidades de tres meses en Cork (Irlanda), Praga (República Checa) e Mesina (Italia). A mocidade realizou prácticas profesionais, un curso de idiomas (inglés e italiano) e puideron gozar dunha inmersión cultural nos países de acollida.

As mobilidades contribuíron á mellora das competencias persoais e profesionais dos e das participantes, á mellora lingüística e ao fomento dunha cidadanía europea comprometida e libre de prexuízos. Dos 17 mozos e mozas participantes, a tres deles ofrecéuselles un contrato de traballo unha vez rematadas as prácticas profesionais, mentres que todos afirman seguir fóra de España durante un tempo para poder continuar a súa formación profesional. Todos/as os/as participantes queren repetir a experiencia, de ser posible.

III. PROGRAMA GALEGO DE MOBILIDADE

Galeuropa

Galeuropa 2016. Asociación Erasmus Compostela

110

Un ano de mobilidade xuvenil 2016

ENTIDADE / ASOCIACIÓN:	Asociación Erasmus Compostela
TÍTULO DO PROXECTO:	Galeuropa 2016
LUGAR DE REALIZACIÓN:	Italia, Portugal e Reino Unido
DATA DE REALIZACIÓN:	Agosto-dembro de 2016
PAÍSES PARTICIPANTES:	
Nº DE PARTICIPANTES GALEGOS:	19
Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS:	146

Asociación Erasmus Compostela
BS324B Galeuropa 2016
Prácticas formativas non remuneradas
en países europeos
4 meses
REINO UNIDO 8 PRAZAS
ITALIA 8 PRAZAS
PORTUGAL 4 PRAZAS

FINANCIADA POR:
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL
Dirección Xeral de Xuventude,
Participación e Voluntariado

Fondo Social Europeo
Iniciativa de Emprego Xuvenil
O FSE inviste no teu futuro

881 18 11 45
info@galeuropa.es
www.galeuropa.es



A Asociación Erasmus Compostela (Santiago de Compostela) xestionou un proxecto de 19 mobilidades: 8 en Italia, 4 en Portugal e 7 en Reino Unido.

Duración das prácticas formativas dos/as mozos/as participantes: 4 meses

Galeuropa

Galeuropa 2016. Asociación Luenda

ENTIDADE / ASOCIACIÓN:

Asociación sociocultural Luenda

TÍTULO DO PROXECTO:

Galeuropa 2016

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Hungría, Portugal e Italia

DATA DE REALIZACIÓN:

Agosto-décembro de 2016

PAÍSES PARTICIPANTES:

**Nº DE PARTICIPANTES
GALEGOS:** 13

**Nº DE PARTICIPANTES
TOTALS:** 146

A Asociación sociocultural Luenda (A Baña) xestionou un proxecto de 13 mobilidades: 4 en Hungría, 4 en Portugal e 5 en Italia.

Duración das prácticas formativas dos/as mozos/as participantes: 4 meses.

**PRÁCTICAS GALEUROPA EN EMPRESAS INTERNACIONAIS
COA ASOCIACIÓN LUENDA**

- ✓ DIRIXIDAS A: MOXIDADE DE MÁIS DE 18 ANOS E MENOS DE 30 INSCRITA NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL (SNGX).
- ✓ PAÍSES DAS PRÁCTICAS: ITALIA, PORTUGAL E HUNGRÍA.
- ✓ DURACIÓN: 4 MESES, DO 20 DE XULLO AO 20 DE NOVEMBRO DE 2016.
- ✓ CUSTE: SUBVENCIONADAS POLO FSE E A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL.
 - ✓ INCLÚEN: A TITORIZACIÓN, MANUTENCIÓN, SEGURO, ALOXAMENTO, APOIO LINGÜÍSTICO, TRANSPORTE LOCAL E VIAXE DE IDA E VOLTA.
 - ✓ PRAZO DE INSCRICIÓN: ATA O 13 DE XULLO DE 2016.

MÁIS INFORMACIÓN:
luenda.galicia@gmail.com
Facebook: Luenda Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL
Dirección Xeral de Xuventude,
Participación e Voluntariado

GALEUROPA

Fondo Social Europeo
Investando no futuro
O FSE inviste no teu futuro

UNIÓN EUROPEA

III. PROGRAMA GALEGO DE MOBILIDADE

Galeuropa

Galeuropa 2016. Asociación Muxema

112

Un ano de mobilidade xuvenil 2016

ENTIDADE / ASOCIACIÓN:
Asociación cultural, recreativa,
deportiva e xuvenil Muxema

TÍTULO DO PROXECTO:
Galeuropa 2016

LUGAR DE REALIZACIÓN:
Italia, Portugal e Bulgaria

DATA DE REALIZACIÓN:
Agosto-dembro de 2016

PAÍSES PARTICIPANTES:

**Nº DE PARTICIPANTES
GALEGOS:** 14

**Nº DE PARTICIPANTES
TOTALS:** 146



GALEUROPA 16

Asociación Xuvenil MUXEMA

TES ENTRE 18 E 30 ANOS ??
ESTÁS INSCRITO/A NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL??

A ASOCIACIÓN XUVENIL MUXEMA OFRÉCECHE REALIZAR PRÁCTICAS
FORMATIVAS DE XULLO A NOVEMBRO DE 2016 EN EMPRESAS DE
ITALIA, BULGARIA E PORTUGAL

AS PERSOAS PARTICIPANTES TERÁN CUBERTOS OS GASTOS DE VIAXE,
MANUTENCIÓN, SEGURO, ALOXAMENTO E CURSO DE IDIOMAS

INSCRIBETE ANTES DO 13 DE XULLO EN MUXEMA@GMAIL.COM

INFO 644 867 926

SÍGUENOS EN Asociación Xuvenil Muxema

XUNTA DE GALICIA
COMISARÍA DE POLÍTICA
SOCIAL
Desenvolvemento Social de Galicia,
Participación e Voluntariado

Fondo Social Europeo
Iniciativa de emprego juvenil
para mellorar as habilidades
e a ocupación



A Asociación cultural, recreativa, deportiva e xuvenil Muxema (Negreira) xestionou un proxecto de 14 mobilidades: 6 en Italia, 4 en Portugal e 4 en Bulgaria.

Duración das prácticas formativas dos/as mozos/as participantes: 4 meses.

Galeuropa

Galeuropa 2016. Asociación Joy

ENTIDADE / ASOCIACIÓN:

Asociación xuvenil
e deportiva Joy

TÍTULO DO PROXECTO:

Galeuropa 2016

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Portugal e Italia

DATA DE REALIZACIÓN:

Agosto-décembro de 2016

PAÍSES PARTICIPANTES:

Nº DE PARTICIPANTES

GALEGOS: 8

Nº DE PARTICIPANTES

TOTAIS: 146

A Asociación xuvenil e deportiva Joy (Ames) xestionou un proxecto de 8 mobilidades: 4 en Portugal e 4 en Italia.

**ASOCIACIÓN
XUVENIL E
DEPORTIVA**



Duración das prácticas formativas dos/as mozos/as participantes: 4 meses.

Galeuropa

Galeuropa 2016. Asociación Sustinea

114

ENTIDADE / ASOCIACIÓN:	Sustinea
TÍTULO DO PROXECTO:	Galeuropa 2016
LUGAR DE REALIZACIÓN:	Portugal e Italia
DATA DE REALIZACIÓN:	Agosto-decembro de 2016
PAÍSES PARTICIPANTES:	
Nº DE PARTICIPANTES GALEGOS:	8
Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS:	146



A entidade Sustinea (Ourense) xestionou un proxecto de 8 mobilidades: 4 en Portugal e 4 en Italia.

Duración das prácticas formativas dos/as mozos/as participantes: 4 meses.

Galeuropa

Galeuropa 2016. Asociación periodística de estudos y comunicación

ENTIDADE / ASOCIACIÓN:

Asociación periodística de estudos y comunicación

TÍTULO DO PROXECTO:

Galeuropa 2016

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Irlanda e Italia

DATA DE REALIZACIÓN:

Agosto-décembro de 2016

PAÍSES PARTICIPANTES:

Nº DE PARTICIPANTES GALEGOS: 17

Nº DE PARTICIPANTES TOTAIS: 146

A Asociación periodística de estudos y comunicación (A Coruña) xestionou un proxecto de 17 mobilidades: 9 en Irlanda e 8 en Italia.



Duración das prácticas formativas dos/as mozos/as participantes: 3 meses e 27 días.

Galeuropa

Galeuropa 2016. Confederación empresarial de Ourense

116

ENTIDADE / ASOCIACIÓN:

Confederación empresarial de
Ourense

TÍTULO DO PROXECTO:

Galeuropa 2016

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Portugal

DATA DE REALIZACIÓN:

Agosto-dembro de 2016

PAÍSES PARTICIPANTES:

**Nº DE PARTICIPANTES
GALEGOS:** 8

**Nº DE PARTICIPANTES
TOTALS:** 146



A Confederación empresarial de Ourense xestionou un proxecto de 5 mobilidades en Portugal.

Duración das prácticas formativas dos/as mozos/as participantes: 2 meses.

III. PROGRAMA GALEGO DE MOBILIDADE

Xuventude no mundo

- *O camiño Kumano Kodo*..... 119
- *Mirando cara ao futuro* 121
- *O Camiño de Santiago* 123

O camiño Kumano Kodo



ENTIDADE/ASOCIACIÓN:
Prefectura de Wakayama-Xapón

TÍTULO DO PROXECTO:
O camiño Kumano Kodo

LUGAR DE REALIZACIÓN:
Wakayama

DATA DE REALIZACIÓN:
Do 4 ao 11 de xullo de 2016

PAÍSES PARTICIPANTES:
Xapón-España

**Nº DE PARTICIPANTES
GALEGOS/AS:** 15

**Nº DE PARTICIPANTES
TOTALS:** 20

A cultura galega e a cultura xaponesa son dúas culturas moi distintas pero unidas por un vínculo: existen soamente dous camiños no mundo recoñecidos pola UNESCO como Patrimonio da Humanidade: o Camiño de Santiago e o Camiño Kumano Kodo.

Durante o intercambio que se realizou, facilitouse o coñecemento doutra realidade sociocultural e lingüística diferente á nosa, para a comprensión da diversidade cultural e favorecer e potenciar a adquisición de habilidades e competencias non formais que faciliten o desenvolvemento persoal. Entre as actividades realizadas están: reunións con estudantes na Universidade de Wakayama, recibimento por parte de autoridades do Goberno, visita ao castelo de Wakayama, coñeceuase o Kumano Hongu Taisha (o Santuario principal Kumano), fíxose un tramo do Camiño Kumano Kodo, realizáronse actividades co grupo de Karate do Bacharelato de Kumano, visitouse

a praia de Shirahama, percorreuse un mercado tradicional na venda de atún, entre outras.

Durante tres días, os/as participantes estiveron aloxados con familias xaponesas para coñecer o ambiente familiar.

Xuventude no mundo

Mirando cara ao futuro



ENTIDADE/ASOCIACIÓN:

Dirección Xeral de Xuventude,
Participación e Voluntariado

TÍTULO DO PROXECTO:

Mirando cara ao futuro

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Santiago de Compostela

DATA DE REALIZACIÓN:

Do 9 ao 16 de xullo de 2016

PAÍSES PARTICIPANTES:

Alemaña-España

Nº DE PARTICIPANTES

GALEGOS/AS: 10

Nº DE PARTICIPANTES

TOTAIS: 20

No marco do programa *A Xuventude no mundo*, a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social, organizou un intercambio co distrito de Reinickendorf-Berlín, (Casa da Xuventude Fuchsbau) no marco das relacións bilaterais que mantén con distintas entidades noutros países.

Os obxectivos do proxecto foron: facilitar o coñecemento doutras realidades socioculturais e lingüísticas para a comprensión da diversidade cultural en Galicia e favorecer e potenciar a adquisición de habilidades e competencias non formais que faciliten o desenvolvemento persoal. Este é o 4º intercambio que se realiza con esta entidade de Alemaña, pois mozas de Galicia xa visitaron anteriormente en dúas ocasións Berlín

e agora, reciprocamente, recibíronse aos/as mozos/as da dita cidade en Galicia.

Entre as actividades cabe destacar as charlas, conferencias, mesas redondas que se realizaron sobre os problemas xuvenís e a alimentación, a seguridade viaria en Europa, a actualización e o bo uso das redes sociais, o problema das adiccións e drogadicción entre outros temas. Tamén visitaron a cidade de Santiago de Compostela, Fisterra e a cidade da Coruña.

Xuventude no mundo

O Camiño de Santiago



ENTIDADE/ASOCIACIÓN:

Dirección Xeral de Xuventude,
Participación e Voluntariado

TÍTULO DO PROXECTO:

O Camiño de Santiago

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Santiago de Compostela

DATA DE REALIZACIÓN:

Do 8 ao 13 de marzo de 2016

PAÍSES PARTICIPANTES:

Xapón-España

Nº DE PARTICIPANTES

GALEGOS/AS: 10

Nº DE PARTICIPANTES

TOTAIS: 25

Por 5º ano consecutivo a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, organiza este intercambio bilateral xuvenil de 15 mozos/as da rexión de Wakayama-Xapón. Nel puideron coñecer a mozos/as e a familias galegas e o modo de vivir en Galicia-España. Igualmente, o achegamento á cultura e á realidade cotiá de Galicia foi moi intenso. Así se fixeron encontros coa comunidade universitaria, coa escola de idiomas, a reunión con autoridades políticas de mocidade, coñeceron a gastronomía típica, as praias, os principais monumentos de Santiago, visitaron museos, industrias como a empresa Zara e realizaron un tramo do Camiño de Santiago, o cal establece lazos co Camiño Kumano Kodo de Wakayama. Este foi o motivo central do intercambio. Durante dous días estiveron aloxados en casas de familias en diferentes puntos de Galicia, onde os/as mozos/as destas xa participaran o ano anterior no mesmo intercambio, pero en Wakayama.

Este libro saíu do prelo
no mes de xullo de 2017

galicia



XUNTA
DE GALICIA